

vilalba

Aprobado o contrato do servizo de recollida de lixo e limpeza. **Páx. 5**

as pontes

Elefantes actuará na localidade na súa xira de 30 aniversario. **Páx. 9**

xermade

A Deputación inviste na praia fluvial e nun camiño de Cabreiros. **Páx. 16**

abadín

Adxudicada a obra da futura residencia de maiores municipal. **Páx. 17**

cospeito

Ricardo José Durán Rodríguez será o pregoeiro da Moexmu de 2025. **Páx. 22**

A sanidade volve sacar a veciñanza á rúa



As Pontes dá un novo paso para ter a residencia

O Concello comprou o antigo colexio Pardo Bazán, que será cedido á Deputación. **Páx. 7**

Convocan as primeiras citas de xaneiro

A carreira de Castro de Rei ou a Poxa de Gando Frisón de Friol xa están en marcha. **Páx. 10 e 28**

O belén de Begonte



Xa hai gañadores do certame de arte e do infantil de debuxo. **Páx. 19**

GES de Friol



Supera o milleiro de intervencións segundo o balance realizado. **Páx. 26**

CB Terra Chá



Puxo en marcha esta tempada un equipo de veteranos masculino. **Páx.29**

Máis cartos para o Plan de Cooperación

A Deputación investirá 22 millóns nos 67 concellos durante o ano 2025. **Páx. 27**

NOVALUX
Óptica & centros auditivos

REBAIXAS

ATA O 50% DE DESCONTO EN
LENTES · MONTURAS · AUDÍFONOS

Vilalba 982 51 01 00

981 45 15 04 As Pontes



NOVAS

vilalba



Instalan novas varandas no pavillón municipal

O Concello de Vilalba anunciou a instalación de novas varandas de seguridade no pavillón municipal, unha actuación que busca incrementar a protección dos usuarios e usuarias nas escaleiras da bancada e nos accesos ao recinto.

En concreto, instaláronse dúas varandas nas escaleiras centrais da bancada e outra adicional no

acceso lateral traseiro. Esta medida enmárcase dentro das accións impulsadas polo Concello para garantir o benestar e a seguridade nas infraestruturas deportivas do municipio.

O pavillón municipal continúa así a súa posta a punto, reforzando a súa accesibilidade e protección para todos os que fan uso das instalacións.

Sete Pontes pecha 2024 con balance positivo

A Asociación de Empresarios Sete Pontes aproveitou o remate do ano 2024 para facer balance das actividades realizadas e compartir bos desexos para o novo ano. Segundo Iván Fernández, membro da directiva, “este 2024 foi un ano de crecemento, fortalecemento e novos retos que comezamos a afrontar con ilusión”.

Un dos principais logros foi a aprobación do Plan Estratégico 2023-2027, unha guía fundamental para avanzar cara á consolidación de Vilalba como referente empresarial. Entre os fitos destacados figura a obtención da certificación de Concello Emprendedor, que abrirá as portas a importantes subvencións destinadas aos polígonos.

No ámbito do comercio local, a Asociación subliñou o traballo realizado para revitalizar o sector, un esforzo que se viu recompensado coa obtención da denominación de Centro Comercial Aberto, un distintivo que recoñece a dinamización do pequeno comercio da vila.

Ademais, Fernández destacou que 2024 supuxo un punto de inflexión na profesionalización da entidade, coa incorporación dun xerente. De cara ao novo ano, a Asociación ten entre as súas prioridades continuar apoiando o comercio local e mellorar as infraestruturas no Polígono Industrial, sempre explorando novas oportunidades de financiamento e proxectos que favorezan o tecido empresarial.

Vilalba contará cunha pista multiocio no campo da feira

O Concello vén de adjudicar as obras necesarias para a instalación dunha innovadora pista multiocio no campo da feira, no casco urbano vilalbés, por un importe de 48.382,14 euros. Un proxecto que executará a empresa Calfensa proyectos S.L e que permitirá “unha maior variedade de ocio para os nenos e nenas do municipio”, segundo explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Nesa liña, instalarase unha pista multiocio modular dunhas dimensións de 230 metros cadrados, delimitada por varandas de aceiro inoxidable. Nos laterais da mesma, colocaranse porterías, ás que se sumará a instalación de canastras e o pintado do campo con pintura acrílica para a marcase da superficie de xogo.

“Así, os nenos e nenas do municipio contarán cunha infraestrutura dotada de elementos para a práctica lúdica de diferentes tipos de deportes” sinalou a rexedora vilalbés, Marta Rouco, quen asegurou que “damos resposta a unha petición que os nenos e nenas nos fixeron chegar a través do Consello da Infancia e a Adolescencia”.

Ademais, “a instalación da pista mul-



tiocio no campo da feira permitirá dotar dunha infraestrutura de ocio infantil e xuvenil a unha zona do casco urbano que non contaba con ningunha opción deste tipo” salientou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas de Vilalba, Luis Fernández, ao tempo que adiantou que “o obxectivo do goberno local é seguir ampliando esa zona de ocio infantil con máis elementos de xogo para dotar a esa área do casco urbano dunha infraestrutura diversa e completa”. Pola súa banda, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, explicou que “segundo as previsións, e se non se produce ningún contratempo, es-

peramos poder ter a pista colocada para mediados da primavera, para que xa poida empregarse coa chegada do bo tempo”.

Así mesmo, a localización escollida para a pista multiocio implicará o cambio de localización da actual área de autocaravanas, “unha cuestión que tamén xa nos fora solicitada pola Asociación Galega de Autocaravanas”, sinalou Marta Rouco.

Para dar resposta a esa cuestión, o Concello de Vilalba xa traballa no estudo e o proxecto necesario que permitirá mudar a actual área de autocaravanas á zona da área recreativa da Madalena.

O Concello intégrase na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, acaba de asinar coa alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, o acordo de adhesión deste concello lucense á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).

A Axencia é un ente de colaboración entre a Xunta e os concellos para velar pola legalidade urbanística, a protección e ordenación do territorio e do litoral, especialmente no

medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

A través do acordo asinado, o Concello de Vilalba delega á APLU as competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas en solo rústico

ou non urbanizable, así como en solo urbanizable ou apto para urbanizar mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento e en núcleos rurais delimitados no planeamento municipal.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística exercerá de xeito definitivo estas competencias de Vilalba ao día seguinte da publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia.



- **PODOLOGÍA DEPORTIVA - INFANTIL**
- **CIRURXÍA - DIABÉTICA**
- **GERIÁTRICA - PLANTILLAS**

- **ECOGRAFÍA**

- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

- **ÚLCERAS ARTERIALES - VENOSAS**

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12



O Concello instala 250 luces led en múltiples rúas do casco urbano

A Concellería de Infraestruturas Urbanas de Vilalba vén de instalar máis de 250 luces led de vías en múltiples rúas do casco urbano vilalbés, co obxectivo de incrementar a seguridade de todos os usuarios e usuarias da vía, prestando especial atención aos lugares de paso dos peóns.

O proxecto deu comezo o pasado mes de novembro coa posta en marcha dun plan piloto no cal se instalaron luces led de vías en pasos de peóns concretos do casco urbano vilalbés, de tal forma que se puido comprobar o seu correcto funcionamento e a súa pertinencia para, posteriormente, levar a cabo a instalación dos mesmos na principais rúas de Vilalba.

Nesa liña, as novas luces led que advirten aos condutores da existencia dos pasos de peóns para que extremen as súas precaucións, xa foron instaladas en todos os pasos de peóns da Avenida da Terra Chá, á que se suman outras rúas da contorna como a rúa da Emigración, a rúa



Guitiriz, a rúa Alcalde Fraga Bello ou a Avenida de de Lugo, entre outras. En canto ao funcionamento dos dispositivos, trátase de luces led recargables con placa fotovoltaica que se activan de forma automática na escuridade e serven para sinalizar os pasos de peóns, tanto para os condutores como para os demais usuarios e usuarias da vía.

“É unha iniciativa coa que dende o goberno local ratificamos o noso compromiso coa seguridade viaria,

pois súmase ao recente repintado de pasos de peóns levado a cabo ao longo de todo o casco urbano”, salientou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, quen engadiu que “as luces led seguirán instalándose de forma progresiva en máis pasos de peóns do casco urbano, incidindo nas zonas que poden resultar máis perigosas, como as próximas ao centro de saúde, a parques e xardíns ou naquelas cunha iluminación ambiental reducida”.

CENTENARIAS



A alcaldesa, Marta Rouco, desprazouse ata Vilapedre (esquerda) para felicitar a Florentina Carreiras polo seu 101 aniversario. A veciña vilalbés, que alcanzou o fito de máis dun século de vida, recibiu un ramo de flores. Rouco tamén felicitou á veciña de Lanzós Elena Prieto polo seu aniversario número 102. Elena contou que se dedicou á agricultura ata a súa xubilación e que agora entretense vendo a televisión, paseando ou pasando tempo coa súa familia.



O FIV fai públicas as primeiras confirmacións

O FIV, Festival de Vilalba, vén de facer públicas as primeiras confirmacións para a edición de 2025, que se celebrará a fin de semana do 25 e 26 de abril.

Así, están confirmados polo momento os artistas Shinova, León Benavente, The Rapants, Leria, Galician Army, Juancasupersub DJ Set e a sempre fiel Banda de Música de Vilalba.

A organización xa explicou que aínda quedan máis artistas por confirmar a súa presenza en datas próximas.



Tamén comezou xa a venda de abonos para o festival na variante de prezos máis reducidos.

Vilalba inicia o domingo 12 de xaneiro un ciclo de bailes no centro cultural

A alcaldesa e concelleira de Servizos Sociais de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira Paula Vigo presentaron o baile que o Concello de Vilalba celebrará o domingo 12 de xaneiro, no Centro Cultural.

Logo do éxito dos bailes de Nadal, que reuniron a máis de 100 persoas no Centro Cultural de Vilalba, a alcaldesa, Marta Rouco, comprometeuse a organizar este tipo de citas con carácter mensual, de tal forma que o baile do domingo 12 de xaneiro será o primeiro deste novo ciclo.

Nesa liña, a través da Concellería de Servizos Sociais, o Concello de Vilalba organiza o baile do domingo 12 de xaneiro no Centro Cultural, que estará amenizado polo dúo Estrellas e que se desenvolverá dende as 17:00 horas ata as 20:00.

“Nas vindeiras datas iremos anunciando as seguintes citas, que terán



un carácter mensual e nas que intentaremos contar con diferentes agrupacións musicais para animar aos asistentes”, sinalou Rouco, ao tempo que aproveitou para “animar a todos os veciños e veciñas, de todas as idades, a participar”.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



Vilalba acollerá o I Campus de Regueifa do 17 ao 19

O IES Santiago Basanta Silva organiza o I Campus de Regueifa, un evento único que reunirá en Vilalba a varias dúzias de regueifeiros e regueifeiras adolescentes entre o 17 e o 19 de xaneiro de 2025. Estas xornadas ofrecerán experiencias inesquecibles, con actividades que inclúen talleres de técnicas de improvisación, formación e debates sobre o futuro desta expresión cultural galega. Un dos momentos máis destacados será o espectáculo Regueifa Tour, que terá lugar no auditorio municipal de Vilalba. Nel, a mocidade participante no campus terá a oportunidade de demostrar as súas habilidades de improvisación ante o público. Este espectáculo, que repite por segundo ano consecutivo, promete diversión, sorpresas e un ambiente que agrada tanto a grandes como a pequenos.

Arranca a nova concesión de autobuses da Xunta

A Xunta activou o 1 de xaneiro a nova concesión de autobús entre A Coruña, Lugo e A Mariña, que incorpora a primeira Liña Conecta entre A Coruña e Lugo con 92 servizos directos máis á semana. Ademais, a implantación da concesión, que atende medio cento de concellos, reforza as conexións da Mariña e Vilalba coas cidades.

Así, os domingos e días de fin de ponte engádense un servizo de Viveiro á Coruña ás 18,00 horas que facilita principalmente a mobilidade dos estudantes da Mariña que viaxan á cidade. Tamén se activa un novo servizo de Vilalba a Lugo máis cedo, con saída ás 7,15 horas, que permitirá chegar Lugo á primeira hora da mañá.

A liña que conecta Viveiro e Lugo pola Gañidoira prolóngase a Burela, mellorando as conexións deste concello coa capital da provincia con catro servizos ao día de luns a venres, tres de ida ás 6,45, 8,45 e 15,15 horas e un de volta ás 15,30 horas.

Vilalba adxudica as obras do novo Punto de Atención á Infancia

O Concello de Vilalba deu un paso crucial cara á apertura do novo Punto de Atención á Infancia (PAI) coa adxudicación das obras á empresa Desarrollos Constructivos de Támoga S.L.U., por un importe de 143.478 euros. Segundo informou a alcaldesa, Marta Rouco, prevese que os traballos de acondicionamento comencen no mes de xaneiro, unha vez finalizados os trámites previos.

“O obxectivo deste proxecto é ofrecer arredor de 20 prazas para coidados, atención e ensinanza de crianzas entre 0 e 3 anos, cubrindo así unha necesidade urxente para moitas familias do municipio”, sinalou Rouco.

Este proxecto conta cunha subvención de 123.707 euros concedida pola Xunta de Galicia, destinada especificamente á posta en marcha deste novo servizo. Trala aprobación do proxecto de obra en sesión plenaria, o goberno local dá un paso definitivo para converter o PAI nunha realidade.

O local que albergará o PAI sitúase na primeira planta do edificio da praza de abastos. As obras, cen-

tradas en cumprir coas esixencias normativas, inclúen:

Derrube inicial: Algúns elementos exteriores e todos os elementos de distribución interior serán eliminados para adaptar o espazo ás necesidades do novo servizo.

Actuacións na fachada: Levarase a cabo a apertura de novos ocios e a instalación dunha envolvente que mellore as condicións térmicas e acústicas do local.

Redistribución do espazo: O interior será transformado nun espazo aberto e diáfano, que contará con cinco áreas diferenciadas, zona de gateo, zona de descanso, zona de hixiene e aseos, espazo para a preparación de alimentos, equipado con electrodomésticos básicos e zona de acceso renovada.

A combinación de tabiques lixeiros e unha nova distribución facilitará que o local cumpra coas necesidades específicas do servizo e das crianzas. “A apertura do PAI permitirá ampliar a oferta de prazas para a atención da primeira infancia, respondendo así a unha necesidade esencial no noso municipio”, afirmou Rouco.



Entregados os premios do certame de escaparates

A concelleira de Comercio, M^a Xosé Fernández, presidiu a entrega dos premios do Concurso de Escaparates, organizado polo Concello de Vilalba. O acto contou coa presenza do xurado, integrado polas artesás Mari Carmen López, Clara Naseiro e Lourdes Otero, ademais do vicecalde Modesto Renda e da concelleira de Cultura, Mónica González. Os criterios de valoración dos escaparates incluíron a creatividade, orixinalidade e complexidade, así como outros aspectos como a artesanía, deseño, calidade, atractivo comercial e a decoración acorde aos

produtos á venda.

Tras unha análise detallada, o primeiro premio, dotado con 600 euros, foi para A Picouza e o segundo, de 400 euros, para O Peto Máxico. Completou o podio Nedixa Creativa, que se leva 200 euros. Finalmente o premio das Redes Sociais (100 euros) foi para EdroDance.

Desde o Concello destacaron a alta participación, con 43 establecementos locais, e agradeceron a implicación do comercio vilalbés por encher as rúas de creatividade e dinamismo neste concurso que valoriza o comercio de proximidade.

A biblioteca local recibe o premio María Moliner

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, celebrou a concesión do premio María Moliner á Biblioteca Municipal de Vilalba, que recibe 2.777,7 euros polo seu destacado labor no fomento da lectura e a inclusión social.

O proxecto premiado, titulado *Redes de saber*, foi valorado polo seu impacto significativo na sociedade vilalbesa grazas a iniciativas innovadoras e colaborativas. Malia ser unha biblioteca unipersoal, destaca pola súa rica oferta de actividades como talleres creativos, contacontos, cursos literarios e clubs de lectura, ademais da súa colaboración con entidades locais como o Centro Ocupacional, a Escola Municipal de Teatro, a Banda de Música ou entidades de

corte social.

Entre os seus proxectos máis emblemáticos figuran a creación do club de lectura, actividades de bebeteca, a recompilación de relatos das persoas maiores da contorna ou un roiteiro literario baseado na obra do autor Agustín Fernández Paz, oriúndo de Vilalba. Estas iniciativas reflicten o seu compromiso coa participación, a conservación do patrimonio local e a inclusión social.

Isabel Rodríguez destacou que “este premio non só recoñece a excelencia da Biblioteca Municipal de Vilalba, senón que pon en valor a importancia das bibliotecas públicas como espazos de integración, aprendizaxe e cultura, esenciais para o desenvolvemento dos nosos concellos rurais”.

HOMENAXE DO IESCHA



Debido a circunstancias imprevistas, non foi posible levar a cabo a homenaxe a Bernardo García Cendán organizada polo Iescha no seu XII cabodano. A pesar destas circunstancias, o Iescha non quixo deixar pasar a ocasión para lembrar a figura de Bernardo. Por iso, Marisa Barreiro, presidenta da institución, depositou un ramo de rosas na lousa conmemorativa situada na praza da Igrexa de Vilalba.

E.S. POLÍGONO

“NO SOMOS LOS MÁS ALTOS NI LOS MÁS BAJOS, SOMO DIFERENTES”
ESTAMOS EN EL POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILALBA

VÁLIDO POR 1 FICHA LAVADO o ASPIRADO

Aprobado o contrato do servizo de recollida de lixo e limpeza

O Pleno extraordinario aprobou a adxudicación do novo contrato para o servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria, un dos máis salientables da presente lexislatura. O goberno local, co apoio do Bloque Nacionalista Galego e a abstención do Partido Popular, aprobou a proposta de adxudicación da mesa de contratación, que outorga o contrato á UTE conformada por Garbaldi SA e FCC Medio Ambiente SAU por un importe de 18.076.498 euros para un período de 10 anos. A alcaldesa, Marta Rouco, defendeu na sesión plenaria “a importancia de mellorar o servizo de recollida do lixo e da limpeza viaria a través da inversión de 2,4 millóns que levarán a cabo as empresas adxudicatarias para renovar a maquinaria, os vehículos e, en definitiva, o servizo que se presta aos veciños e veciñas”. Nesa liña, a rexedora salientou que “a renovación dos vehículos permitirá que aquelas vivendas nas que non

tiñan colectores porque os camións de recollida non podían acceder, agora conten con ese servizo nas proximidades das súas casas”. Ademais, o Concelleiro de Servizos Municipais, Eduardo Vidal, deu conta das importantes melloras que chega este novo contrato de recollida de residuos urbanos, no que se inclúen “4 recolectores, 1 camiión con grúa e plataforma, 1.340 colectores de carga traseira e lateral, carros e vehículos eléctricos para a mellora da limpeza viaria e 430 infraestruturas e bases de formigón para fixar os colectores, entre outras”. Pola súa banda, tamén o rural vilabés se verá beneficiado deste novo contrato de recollida de residuos urbanos, pois incrementaranse os días de recollida nas parroquias e nos núcleos de O Santo, Goiriz, Lanzós e Guadalupe a frecuencia de recollida igualarase á do casco urbano. “Temos que salientar que o contrato anterior estaba caducado dende

o ano 2020, e as condicións databan do ano 2000, é dicir, non estaban adaptadas á realidade actual do noso Concello, polo que sacar adiante este novo contrato permitirá mellorar notablemente o servizo que se presta aos veciños e veciñas”, concluíu a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. O segundo e último punto da sesión plenaria, o proxecto de renovación da capa de rodaxe da rúa Rouco Varela e do tramo da avenida de Cospeito entre a rúa de Foz e a rúa de Abadín, tamén quedou aprobado, neste caso por unanimidade. En consecuencia, levarase a cabo o proxecto, cunha inversión de 35.000 euros. O que permitirá renovar a capa de rodaxe da rúa Rouco Varela mediante unha capa de aglomerado en quente, así como renovar co estendido dunha nova capa de rodaxe o firme da avenida de Cospeito, no tramo entre a rúa Foz e a rúa Abadín.



A cativada plantexa novas propostas ao Concello

Celebrouse na casa do concello e Vilalba a terceira sesión do Consello Social da Infancia e a Adolescencia, un espazo de participación cidadá que os representantes dos centros educativos tomaron posesión do seu cargo para o curso 2024-2025. Durante a reunión, abordáronse diversos temas de interese, como a organización da Feira do Capón e a importancia de coidar o mobiliario urbano. Ademais, os nenos e nenas tiveron a oportunidade de expresar as súas propostas e inquietudes ao

Concello. Entre as peticións destacaron o arranxo da iluminación exterior do CEIP Terra Chá e a renovación do mobiliario do paseo da Madalena. A alcaldesa, Marta Rouco, comprometeuse a analizar todas as suxestións presentadas e agradeceu a implicación e participación activa dos membros do consello. “Das sesións previas saíron proxectos interesantes como a renovación do parque da Rúa da Emigración e a instalación da pista multideporte, o que confirma a importancia deste consello”, dixo.

Inicio do obradoiro Terra Chá no Camiño

Marta Rouco asinou os contratos dos 14 alumnos e alumnas que participan na quinta edición do obradoiro de emprego Terra Cha no Camiño e que deron comezo á súa actividade.

Como na edición anterior, haberá dúas especialidades diferentes, Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos e Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes en Vilalba, con 7 alumnos e alumnas cada unha. Durante 12 meses, os alumnos e alumnas recibirán formación teórica e práctica, e obterán un diploma de cualificación profesional.



O BNG anima a participar na campaña ‘Mellor Local, Mellor Galego’

O BNG presentou a campaña *Mellor Local, Mellor Galego* en Vilalba, coa que se anima a consumir produtos galegos e no comercio de proximidade durante estas datas festivas, mais tamén no resto do ano. Os nacionalistas organizan, cada ano, esta campaña de promoción “nas datas previas ao Nadal, cando damos a coñecer as propostas que deseñamos para apoiar e incentivar

a compra do produto local feito en Galicia”, explicou Olalla Rodil, viceportavoz do BNG no Parlamento Galego, que estivo xunto co concelleiro en Vilalba, Tino Alvite, e militantes. O BNG quere poñer en valor con esta campaña “a importancia do comercio tradicional, comercio do que podemos desfrutar en Vilalba cunha parte do mellor da nosa terra, os seus produtos”, explicou Rodil.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com



Manifestación da CIG por un plan industrial que garanta o emprego

A CIG ten convocada unha mobilización para o domingo 19 de xaneiro en demanda dun plan industrial que garanta un futuro con emprego nas Pontes. Coa manifestación, que sairá ás 12 horas da Praza do Carme, quere-se denunciar “a pasividade dos Gobernos para atallar o proceso de reconversión que sofre a localidade e reclamar unha transición verdadeiramente xusta”.

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, o secretario comarcal da CIG de Ferrol, Manuel Anxo Grandal, e o membro da Executiva local da CIG das Pontes, Hixinio Adegá, lanzaron un chamado a se mobilizar para demandar solucións urxentes “porque queremos que todos eses proxectos que nos anuncian a diario sexan unha certeza, que estean en execución e non sigan en fase de tramitación”.

Subliñou Carril que malia os compromisos de destinar millóns de euros de fondos públicos ás comarcas afectadas polos procesos de descarbonización, no remate de 2024 “a transición xusta nas Pontes non existe e seguimos a sufrir as consecuencias dunha proceso de demolición e de reconversión pura e dura”. Criticou que Endesa, co apoio dos distintos Gobernos, xa encetou o desmantelamento da central térmica “deixando atrás un

regueiro de despedimentos e trasladados forzosos, mentres o pobo e a economía das Pontes esmorecen”. O secretario xeral da CIG rexeitou que se pretenda impor “como normal” a falta dun plan de reindustrialización por parte dos Gobernos ou que non se dispoña de chan industrial no municipio e que se consinta a Endesa “actuar impunemente sen asumir ningún tipo de responsabilidade social e territorial mentres segue facendo caixa a conta de espoliar os nosos recursos”.

Cuestión aparte merece o cambio de criterio de REE que deixou sen o concurso público para a concesión de acceso á rede dos 1400 MW que tiña asignados a central térmica. A CIG non vai deixar de reclamarlle ao Miteco que se mantenga esa capacidade de evacuación e se saque o concurso público porque, ante o peche da térmica, constitúe o valor engadido neste territorio para o achegamento de proxectos industriais, particularmente no curto prazo os de ámbito enerxético.

Ademais a poxa pública, ao establecer obrigas de instalación, é un garante real de desenvolvemento industrial “que non deixaría o futuro das Pontes nas mans exclusivamente de promotores privados de proxectos”.

As Pontes licita varias obras en viais por valor de 220.000 euros

A Xunta de Goberno Local aprobou os expedientes de licitación, por valor de 219.288 euros, das obras de mellora da rúa Real (fase 1) e a rúa A Balsa (fase 2), na zona de Vila e a súa contorna.

No caso da rúa Real, levarase a cabo a renovación do pavimento e dos servizos existentes. Así, retirarase o pavimento existente e, previa á colocación da nova pavimentación, executarase unha nova base con leito de area e morteiro de cemento e area. Manteranse os niveis existentes e a colocación das novas lousas será similar á actual, cunha vagada central ao longo da rúa. Ademais os sumidoiros de pluviais adaptaranse con novas rellas e cercos e procederase á limpeza das zonas adoquinadas, realizando un novo rexuntado onde sexa necesario.

Por outra banda, realizaranse novas liñas de iluminación soterradas por la canalización existente, dotando de cabreado de alimentación e terra para a instalación de novas balizas que complementarán a iluminación existente.

Desde o goberno local, o rexedor, González Formoso apunta que “estes traballados permitirán a reforma integral da rúa, seguindo os mesmos criterios estruturais e estéticos aplicados na rehabilitación doutros viarios da Vila, como no calexón do Trigo e a rúa Perfolla ou na rúa San Xoán, continuando coa nosa aposta pola conservación, protección do patrimonio e a revitalización do conxunto histórico pontés.

O proxecto básico e execución das obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa da Balsa permitirá mellorar a accesibilidade así como os servizos públicos de alumeados e saneamento no viario.

Así executarase unha nova pavimentación mediante formigón armado impreso e coloreado, resolvéndose o encontro coa calzada mediante a colocación de bordo de formigón. Os encontros da beirarrúa coa calzada



resolveranse mediante a colocación de bordo, ampliándoas dentro do máximo autorizado, de forma que as beirarrúas actuais pasarán a ter 30 centímetros máis mantendo a xeometría e liñas xerais.

Instalaranse novas canalizacións para o alumeados e novos báculos e luminarias en todo o percorrido da zona de actuación. Por outra banda, executaranse as instalacións de saneamento mediante redes separativas e as acometidas necesarias. Así mesmo, substituirase a varanda actual na ponte do río Chamoselo por unha de aceiro galvanizado e pintado.

GALERÍA DE TIRO. Remataron as obras de construción dunha galería cuberta nas instalacións do campo de tiro con arco, no Poboado das Veigas das Pontes.

O proxecto, cun orzamento de 211.000 euros, con cargo a fondos propios, permitiu a execución dunha

nova instalación que se localiza no extremo final da actual zona de tiro para, deste xeito, inverter o sentido da mesma e evitar que a luz do atardecer afecte á visibilidade.

O proxecto incluíu a execución dunha nave cuberta e pechada, que servirá de almacén para os parapetos das dianas e outros útiles de tiro e a súa cuberta prolongouse catro metros para xerar un soportal onde poder adestrar, ao aire libre, completamente protexidos das condicións meteorolóxicas adversas.

Construíuse tamén unha nova soleira que será empregada como liña de tiro exterior, a 90 metros da zona cuberta actual, que permitirá a organización de competicións oficiais. O volume construído ten unha cuberta a unha sola auga en caída cara a zona exterior do soportal, sendo a superficie útil da nave almacén interior de 261 m² e a do soportal exterior cuberto de 101 m².

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

O Concello compra o colexio Pardo Bazán para facer unha residencia

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, asinou, ante notario, no local da Asociación Veciñal A Choupana a compra, por parte do Concello, das instalacións do antigo colexio Pardo Bazán así como a parcela, de 7.350 metros cadrados, na que se encontra situado dito inmueble, que será cedida á Deputación da Coruña para a construción dunha residencia de persoas maiores.

Este equipamento, pertencente ao grupo inversor ferrolán Bellón y Cía. S.A. foi adquirido polo Concello das Pontes por un importe de 315.000 € tras ser aceptada a taxación do arquitecto municipal.

Durante este acto, o rexedor local apuntaba a importancia desta sinatura que “significa poñer a primeira pedra para un proxecto que vai ser punteiro na nosa Comunidade Autónoma e que vai ser posible grazas á Deputación da Coruña, promotora dun novo equipamento social necesario na nosa vila que contribuirá a mellorar a calidade de vida e as prestacións para as persoas maiores”.

Nese sentido, González Formoso, lembrou que nas Pontes se porá en marcha “un novo modelo de residencia pública para persoas maiores, innovador en Galicia, máis achegado e personalizado, con centros máis pequenos e de ámbito comarcal que permitan evitar o desarraigo que supón que moitas persoas maiores teñan que pasar a última etapa das súas vidas a moitos quilómetros da casa e dos seus seres queridos e encerrados en macrocomplexos masificados e pouco humanizados, ou pagar residencias privadas con tarifas moitas veces inasumibles para as familias”.

Así, As Pontes será o primeiro municipio da provincia no que se testará



o novo modelo residencial cun centro piloto, que contará cun maior número de traballadores en función do número de residentes no centro para garantir plans de atención totalmente individualizados, nun entorno máis amable e acoledor, con habitacións individuais, espazos e actividades de convivencia interxeracional abertos á comunidade, nos que se contará coa colaboración do tecido asociativo local, centros de ensino e familias para rachar co illamento que moitas veces sofren os maiores nestes centros.

A aposta pola innovación será outro dos eixes diferenciais da residencia de persoas maiores das Pontes, con novas tecnoloxías tanto para mellorar a vida das persoas residentes no centro como do persoal traballador. Domótica, sistemas de telemedicina, alumeados e climatización intelixentes, peches de contacto ou con datos biométricos, sensores de movemento e presenza, novos sistemas de rehabilitación física e cognitiva con base tecnolóxica ou incorporación de asistentes virtuais son algunhas das cuestións que se planean incluír no centro.

Tamén se innovará en cuestións como o acceso de familiares e ami-

zades, que será aberto para permitir compartir tempo cos seres queridos e incluso acompañalos en determinadas situacións nas que sexa preciso, e valoraranse cuestións como a posibilidade contar con horta ou permitir a presenza de animais domésticos dentro do complexo residencial, tendo en conta a procedencia rural de moitas das persoas usuarias do centro, así como as vantaxes que proporciona o coidado de plantas e animais na prevención do deterioro físico e cognitivo.

Este novo modelo de residencias establece un modelo de atención e intervención social chamado de 5ª xeración, que supera os antigos modelos de asilo, hospital ou residencia, baseados en contornos moi institucionalizados e cunha cultura asistencialista, por un novo modelo que xa está a desenvolver en países nórdicos como Dinamarca ou Suecia, centrado na persoa, que respecta a súa autonomía, vontade, decisións e preferencias nun espazo multiservizo e de carácter aberto e comunitario, onde as persoas da contorna podan acceder a el para gozar de certos servizos e as persoas residentes podan desenvolver tamén actividades fóra do centro asistencial.



González Formoso reuniuse coas asociacións nun brindado de fin de ano

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, reuniuse con representantes das asociacións veciñais do municipio con motivo do brindado de fin de ano.

Durante este encontro, no que tamén estivo presente o equipo de goberno, o rexedor local desexou un feliz 2025 á veciñanza e fixo balance das actuacións e proxectos municipais executados durante o ano 2024, avanzando algunhas das propostas nas que xa traballa o executivo local de cara ao vindeiro ano.

González Formoso aproveitou este encontro para destacar a importan-

cia da colaboración entre o Concello e as distintas entidades veciñais da vila, agradecéndolles o seu traballo “como nexo de unión entre a veciñanza e a administración municipal, colaborando a mellorar a calidade de vida de todos os ponteses e pontesas e facendo das Pontes un lugar mellor para vivir, amosando que pequenos esforzos voluntarios reverten en beneficio de toda a vila”.

O alcalde animou aos veciños e veciñas a enfrontar o novo ano con a maior das ilusións desexando que o 2025 “veña cargado de saúde para todos e boas novas para As Pontes”.

Convocan un campamento dixital este mes para a mocidade

As Pontes acollerá este mes un campamento dixital para a mocidade. Trátase dunha actividade en colaboración coa Fundación Cibervoluntarios sobre competencias dixitais.

Será desde o 18 de xaneiro ata o 1 de marzo, todos os sábados en horario de 9:00 a 13:00 horas e terá contidos e actividades adaptados para cada idade, con aventuras, misións e retos adaptados á catividade. En cada

aventura, os participantes irán adquirindo novas competencias para utilizar a Internet e estas ferramentas de xeito creativo, seguro e responsable. Poderán participar os rapaces e rapazas de 9 a 11 anos e de 12 a 13. Aprenderán a buscar información de valor, as ferramentas para crear contido dixital, consellos para controlar o tempo fronte ás pantallas ou a prever situacións de ciberacoso

<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN bezarros S.A.</p>	<p>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</p>  <p>Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.</p>	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	---	--



Piden o servizo de raios X para o centro de saúde

O Concello das Pontes reclámalle á Xunta de Galicia a implantación, de forma urxente, do servizo de raios X no centro de saúde do municipio.

Así, o Goberno local faise, novamente, eco dunha demanda social histórica que evitaría o desprazamento dos veciños e veciñas das Pontes aos centros sanitarios de Ortigueira, Pontedeume ou ao hospital de Ferrol.

Desde o Concello apuntan que “en outubro de 2023 xa solicitamos á Consellería de Sanidade unha reunión para abordar esta cuestión e implantar este servizo no noso municipio e volvamos solicitalo en novembro de 2024. As Pontes conta coas instalacións precisas para albergalo e os medios actuais per-

miten poder informar das probas diagnósticas telematicamente o que suporía, que nin especialistas en radioloxía nin doentes tiveran que realizar desprazamentos innecesarios que implican custes económicos e importantes perdas de tempo que, en última instancia, privan do acceso a unha sanidade universal e gratuíta aos veciños e veciñas das Pontes”

Así mesmo reclama da Xunta de Galicia non só a creación do servizo senón que se dote do orzamento axeitado e suficiente para poder sufragalo sen que teña que ser o Concello das Pontes quen acabe suplementando o gasto.

Por outra banda, reclaman tamén unha solución para o servizo de pediatría.

As Pontes centraliza o Plan de Emerxencia da Presa da Ribeira

O salón de actos da Casa Dopeso, en As Pontes, acolleu na segunda semana de decembro unha reunión de coordinación do Plan de Emerxencia da Presa da Ribeira, integrado no Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).

No encontro participaron representantes de institucións clave como Augas de Galicia, Endesa, a Garda Civil, Policía Local, Protección Civil, os Bombeiros do Eume e Viaqua. O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, destacou que esta reunión permitiu avaliar os avances no ámbito da seguridade da presa e preparar os seguintes pasos para informar á poboación sobre as medidas do plan.

Entre os anuncios destacados, o alcalde indicou que no primeiro trimestre de 2025 se organizarán encontros informativos con



entidades veciñais para divulgar o plan, os seus protocolos e medidas de actuación en caso de emerxencia. “A poboación pode estar tranquila: trátase dun plan preventivo que busca garantir a máxima protección ante calquera contingencia”, asegurou González Formoso.

O Plan de Emerxencia da Presa da Ribeira, aprobado en 2022,

establece tres fases de actuación: preemerxencia, emerxencia e recuperación, asegurando unha resposta organizada e eficaz ante calquera risco potencial. Inclúe medidas para minimizar os danos en vivendas, infraestruturas e servizos esenciais, ademais de protocolos para coordinar os equipos de emerxencia e informar á cidadanía.

A Xunta inviste 40.000 euros en vías do polígono de Penapurreira

A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros visito o polígono industrial de Penapurreira, onde o Concello acometeu obras de mellora das infraestruturas viarias interiores con cargo a unha axuda da Consellería de Economía e Industria para a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto, que percibiu unha achega autonómica de 40.587 euros, consistiu na execución dunha nova pavimentación na beirarrúa da rúa Carracedo que ata o momento dispoñía dun pavimento de lastra de formigón nun estado de notable deterioro, o que entrañaba riscos para os viandantes. A actuación executada permitiu a reposición do seu solado.

A delegada territorial puxo en valor esta liña de axudas dotada de 3,5 M€ de investimento e que permite mellorar os servizos e o acondicionamento das infraestruturas existentes ou de nova construción nos polígonos industriais galegos. A finalidade é que as empresas radicadas neles poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica, ao tempo que contribúe a fixar novos proxectos.

“É un exemplo máis da política do Goberno galego a prol da busca constante de mellorar a oferta de solo empresarial para favorecer a actividade industrial, a captación de novos investimentos e a creación de emprego”, apuntou Aneiros que lembrou que a presente convocatoria deixou 274.000 euros en axudas

en catro concellos da zona (As Pontes, Cabanas, As Somozas e Narón). Entre as actuacións subvencionables, inclúese a implantación de melloras na iluminación pública nos colectores que verten ás EDAR municipais; na xestión de residuos dentro do parque empresarial; nas infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao recinto; a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia; as instalacións comúns de equipos e sistemas de protección destinados á loita contraincendios ou contra roubos de cable, e os servizos centralizados de subministración de gas e/ou hidróxeno.

A intensidade das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, é dun 80% do importe total considerado como subvencionable e cun máximo de 120.000 euros.

Un alumno do IES Moncho Valcarce recibe un dos Premios Extraordinarios de Bacharelato

A Xunta vén de recoñecer a excelencia académica de 20 alumnos que cursaron 2º de Bacharelato no curso 2023/24 cos premios extraordinarios. Este galardón ten como obxectivo valorar os méritos excepcionais acadados grazas ao esforzo e traballo dos estudantes, que completaron esta etapa cun destacado rendemento académico. Un dos premios foi para Antón de la Fuente Vivero, alumno do IES Moncho Valcarce das Pontes.

Para optar ao premio, convoca-

do pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, os candidatos debían ter unha nota media igual ou superior a 8,75 puntos no Bacharelato. Ademais, os aspirantes tiveron que superar unha proba presencial que se dividiu en dúas partes.

Cada un dos galardoados recibirá un incentivo económico de 1.000 euros e un diploma acreditativo. A distinción será reflectida tamén nas certificacións académicas dos estudantes premiados.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO
ENSALADAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS
NUESTROS DELICIOSOS
SABOREAR TORTILLAS
ALCO PICAR





Inaugurada unha nova edición do obradoiro Eume IV con 15 persoas

A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, acompañada do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Juan José Couce, inaugurou esta mañá no local da AVV Beira do Eume, nas Pontes, o obradoiro dual de emprego Eume IV que promoven os concellos das Pontes, As Somozas e A Capela, cun investimento autonómico de 308.946 euros.

Un total de 15 alumnos inician estes días a acción formativa na especialidade de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes. Os participantes completarán a súa formación teórica con diferentes actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local a desenvolver en diferentes espazos como o parque Campo da Feira ou as prazas do Hospital e América, nas Pontes.

A delegada territorial puxo en

valor este tipo de accións formativas que “permiten mellorar a empregabilidade das persoas participantes, facilitando a súa inserción no mercado laboral a través da combinación da formación coa realización dun traballo efectivo durante un período de 9 meses” e animou aos alumnos a “rendibilizar ao máximo” esta oportunidade. “As empresas precisan cada vez máis man de obra cualificada e aí é onde tedes a vosa oportunidade, porque a formación que ides recibir está pensada para satisfacer as necesidades reais do entorno”, lembrou. Este é un dos catro obradoiros duais de emprego que a Xunta financia este curso 2024-2025 en Ferrolterra cun investimento de 1,3 millóns de euros. Deles beneficiaranse 65 persoas en situación de desemprego, priorizando a aquelas con dificultades para acceder ao mercado laboral.



Remata a tradicional cata da Casa do Mel de Goente co reparto de premios

A Casa do Mel de Goente acolleu unha nova edición, a XVII, da Cata de Meles logo que facer previamente a selección de finalistas.

Nesta edición Ana Mendoza Campo foi a gañadora en meles escuros, seguida de Luis Pernas Lage, que se fixo co segundo galardón. Mendoza tamén se fixo co premio en meles monoflorais.

En meles claros, o gañador foi Iván Díaz Souto, deixando a segunda praza para Víctor Millares Rodríguez.

Dentro da programación tamén se incluíu un relatorio co título Producción primaria, envasado e comercialización de produtos apícolas, a cargo de Iago Vilela, técnico da casa do mel.

Elefantes actuará na súa xira de 30 aniversario

Elefantes celebra 30 anos de traxectoria musical ás súas costas e fano subíndose aos principais escenarios do noso país nunha emocionante vira aniversario que promete ser unha viaxe nostálgica para os máis fieis seguidores da banda e unha experiencia inesquecible para os amantes da música en xeral.

Renovadores da canción española desde unha perspectiva única e persoal, a banda posiciónase como un dos referentes da escena musical nacional, fusionando con mestría melodías que van desde o pop ata o flamenco, pasando pola canción me-

lódica e o rock.

O próximo 21 de febreiro Elefantes chega ás Pontes (Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 20:00 horas) para conmemorar estas tres décadas de brillante traxectoria musical cun show único e unha nova posta en escena. Un directo onde revisitarán os éxitos que definiron a identidade sonora da banda e presentarán as súas últimas composicións incluídas no seu último álbum, que reflicten a súa madurez artística.

Elefantes é un grupo de música pop/rock orixinario de Barcelona, formado en 1994 por Shurma (cantante e

A comisión de festas A Faeira prepara unha cea baile

A Comisión de Festas da Faeira celebrará unha cea-baile o próximo sábado 8 de febreiro de 2025 no restaurante Casa Peizás, situado na Capela. A cea comezará ás 22:00 horas e contará cun menú variado e barra libre.

O menú inclúe empanada, lagostinos, lombo asado con patacas, sobremesa, café, viño branco e tinto, cervexa e refrescos. O prezo será de 45 euros por persoa e 20 euros para nenos ata 10 anos. Ademais, haberá un servizo de autobús dende a estación de buses das Pontes, con saída ás 21:15 horas, cun custo de 5 euros. A festa estará amenizada polo dúo Acherizaz. Os tickets poden adquirirse en varios puntos de venda: Bar Xardín e Mesón 7 Camiños (As Pontes), Bar Muiño (Saa), Casa Díaz (Goente) e Casa Picos (A Faeira).

As persoas interesadas teñen ata o domingo 2 de febreiro para inscribirse.



compositor), Jordi Ramiro (batería), Julio Cascán (baixista) e Alex Viveiro (guitarra). Unha banda que é o claro exemplo de músicos de raza, que combinan elegancia e arrebato, distinción e furor nos seus directos, con mensaxes de calado e cuidada instrumentación.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

A Deputación licitará a mellora dun tramo da estrada LU-P-2405

A Deputación aprobou licitar os traballos para acondicionar un tramo de preto de 12 quilómetros da LU-P-2405, que é a estrada que conecta Guntín e Pardellas, en Friol por Entrambasaguas e San Román.

A Deputación investirá máis de 270.000 euros para un proxecto que afectará ó tramo que vai desde o inicio da estrada ao punto quilométrico 11,972 e consistirá na reapertura das cunetas, pavimentación do firme e sinalización.

Trátase dunha actuación moi importante para ambos concellos porque vén completar as obras que se fixeron este outono nesta mesma estrada entre os puntos

quilométricos 13,9 e 14,7 cun investimento de 26.000 euros.

Ademais, a estrada dá servizo a rutas de sendeirismo de gran interese, como a de San Román da Retorta, "o que incrementa o seu valor non só como vía de comunicación, senón tamén como acceso a recursos turísticos e naturais da zona", explica Pilar García Porto.

A deputada enmarcou a actuación dentro do Plan de Melloras nas estradas provinciais, "unha medida que anunciou o presidente e que servirá para acometer máis de 80 proxectos na rede de vías cos que se mellorarán 280 quilómetros por un importe de 12 millóns de euros".

Convocan a cuarta poxa de gando frisón para o 25

Friol celebrará a súa cuarta Poxa de Gando Frisón o sábado 25 de xaneiro, a partir das 12:00 horas, no mercado gandeiro de Friol. Despois do éxito da edicións anteriores, dende o Concello decidiron apostar por continuar.

Será unha poxa de gando frisón organizada en colaboración con Africor Lugo, que se encargará da selección dos animais, as probas sanitarias, pelado dos animais, coitado dos mesmos durante a feira e realización da poxa.

Este evento está dedicado á promoción do sector lácteo de Friol.



Destacan en Friol os proxectos de emprendemento da zona rural

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao, destacou que a rede de viveiros industriais da provincia de Lugo presta apoio e asesoramento a 17 proxectos de sectores da industria da alimentación, a maquinaria agrícola, o metal mecánico ou o sector da transformación da madeira, dos cales nove xa operan desde as infraestruturas da rede e os restantes oito atópanse nunha fase de asesoramento previa á súa incorporación. Ardao fixo esta aseveración na visita ao viveiro industrial de Friol, un dos que está operativo na provincia de Lugo xunto cos de Bóveda, Monforte de Lemos, O Corgo, Outeiro de Rei, Paradela e Portomarín. Segundo apuntou, Lugo acolle o 32 por cento dos viveiros actualmente en funcionamento en Galicia, un instrumento de impulso á dinamización e captación de novos proxectos industriais para que se instalen e crezan no rural.

Nestes espazos, as persoas emprendedoras beneficianse de formación



e asesoramento en boas prácticas para a posta en marcha, a mellora competitiva e consolidación dunha nova empresa no rural, ademais de poder acceder aos espazos e infraestruturas dispoñibles neles a prezos competitivos.

O obxectivo desta iniciativa da Consellería de Economía e Industria é atraer ou crear novos proxectos industriais vencellados a sectores estratéxicos para a provincia de Lugo, como o agro-gandeiro, a industria da alimentación, enerxías renovables e

maquinaria industrial, de xeito que se fortalezan as cadeas de valor existentes e incremente o tecido empresarial lugués.

A rede de viveiros industriais de Galicia está formada por 22 iniciativas distribuídas polas catro provincias, 17 deles están dispoñibles e cinco en fase de construción, e ten como obxectivo captar novos proxectos que se asenten no rural para o impulso da economía da contorna e os sectores produtivos de cada territorio.

Volve o Máster de caza sen morte

O día 11 de xaneiro, a partir das 8 da mañá, dará comezo a proba do XVII Máster CCBP que se celebra, por cuarto ano consecutivo, en Friol.

Esta é unha proba de cans de mostra sobre becada, que é considerada unha das máis importantes a nivel nacional.

Esta proba será a única que se celebre en Galicia, e serán os terreos dos Tecors Cova da Serpe I e II do

Concello de Friol, unha edición mais, os elixidos para esta modalidade de caza sen morte, onde só se puntuará o bo facer dos cans que participan.

O Club Deportivo Jalizar, club de Friol que está integrado por amantes da natureza e dos animais, especialmente dos cans, é o que organiza, xunto co Concello de Friol e a Asociación de Cazadores de Friol Tecors de Caza Cova da Serpe I e II, esta

proba do Máster referido.

Con estas xuntanzas pretenden mostrar un enfoque diferente do aproveitamento cinexético dos nosos montes, acorde cos tempos actuais. Integrantes do Club Deportivo Jalizar e o propio alcalde de Friol indican que "é unha honra para este Club e para este pobo, que entre todos os montes de Galicia escolleran o noso para celebralo".

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

construferr

Saneamentos, construción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

Celebrarán as segunda xornadas de cine rural en xaneiro e febreiro

Fíxose a presentación das II Xornadas de Cine Rural de Friol, por parte de Jesús Rodríguez Rodríguez (profesor da USC) e Ángeles Buján (concelleira do Concello de Friol).

Estas xornadas levaranse a cabo os sábados 25 de xaneiro, e o 1, 8 e 15 de febreiro, dando comezo todas elas ás seis da tarde, no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol.

Na primeira das xornadas, o sábado 25 de xaneiro, poderá visualizarse a reportaxe *Tiempo de ilusión*, tempo de recuerdo, emitida no ano 1979 no programa da TVE *Vivir cada día* sobre o rural galego, no concello de Friol. A reportaxe testemuñal trata das dificultades e durezas da infancia, e tamén da violencia lingüística e cultural que exercía o sistema educativo.

Na segunda xornada, o sábado 1 de febreiro, proxectarase *De Quijotes y*



Semillas, documental no que o cocineiro Santi Cordon realiza unha viaxe en verduleta e fai unha incursión á España esquecida para escoitar a romántica loita dos seus últimos Quijotes. Durante a terceira xornada, o 8 de febreiro, visualizarase *Paxaros de Algodón*, neste documental trátase de abrir unha fiestra que permita coñecer os trastornos de espectro autista.

E para rematar con estas segundas

xornadas de Cine Rural, o sábado 15 de febreiro, proxectarase *A mestra de escola*, documental dirixido por Alba Prol e producido por Meteórica Cine, que é unha peza audiovisual que afonda na realidade educativa do rural galego a través das experiencias de seis mulleres vinculadas ao ensino (mestras e antigas alumnas que comparten vivencias persoais e reflexións sobre a evolución do sistema educativo).

NADAL EN FRIOL



FESTA DE REIS. O pavillón municipal de Friol volveu acoller este ano unha multitudinaria festa de Reis. Melchor, Gaspar e Baltasar visitaron aos pequenos e recibiron as súas cartas e ademais houbo xogos, exhibicións e chocolate e roscón para a merenda. Novamente foi un gran éxito de público.



MAIORES. Os maiores que asisten diariamente ao centro de día que Afalu xestiona no Concello de Friol, recibiron a visita de parte do equipo de Goberno local, que lle fixeron entrega duns detalles. O alcalde de Friol quere así agasallar, en estas datas tan sinaladas, a estas persoas maiores "que desfrutan de este servizo tan necesario e fundamental para esa parte da sociedade que tanto o necesita".



Veciños de Friol volverán viaxar gratis a Santiago para ver unha obra de teatro

Co gallo dos seus 40 anos, o Centro Dramático Galego facilita de novo un autobús gratuito en varios concellos para acudir o sábado 18 de xaneiro ao teatro en Santiago de Compostela, a ver a representación de Nada se sabe.

Cada persoa participante deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 5 euros.

Previamente ó teatro, haberá algo de tempo libre para gozar de Compostela.

O autobús sairá de Friol ás 15.15 horas da praza de España e a función é ás 18.00. Regresarase ás 20:00 horas.

As inscricións son no Concello de Friol, no 637 064 024 e en cultura@concellodefriol.es.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Calle Plácido Peña 16, Vilalba
Piso | 3 Dorm. | 2 Baños | 85 m² 99.000 €
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con todos los servicios en las proximidades, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina amueblada. Dispone de plaza de garaje en el mismo edificio, trastero y ascensor.

Mondoñedo s/n, Vilalba
Terreno Urbanizable | 382 m² 5.000 €
Se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.

Calle Lameirón, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 650 m² 90.000 €
Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Calle Mondoñedo 15, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 166 m² 84.000 €
En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar adosada, de cinco habitaciones y sala, dos baños, cocina y dos trasteros. Dispone de calefacción de gasoil. La casa, además de la entrada principal, dispone de otra entrada por detrás.

Pedrido, Vilalba
Casa rural | 4 Dorm | 1 Baños | 162 m² 115.000 €
En el lugar de Pedrido, parroquia de Oleiros, municipio de Vilalba (Lugo) se vende vivienda unifamiliar independiente y aislada, de planta baja y piso. La planta de abajo esta preparada para vivir y la de arriba solo esta dividida en cuatro dependencias; pero están sin terminar.

Suso Gayoso 11, Vilalba
Local | 280 m² 150.000 €
Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.

Calle Conde Pallares, Vilalba
Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 295 m² 60.000 €
Parcela 444 m², a reformar, sin ascensor, certificación energética en trámite.

Avenida Tierra Llana s/n, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 872 m² 150.000 €
En la localidad de Vilalba (Lugo), en la Avda. Tierra Llana, se vende solar de unos 15 metros de fachada, edificable, bajo y 4 plantas.

LU-861 13, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 1.034 m² 22.000 €
En el Carrizo, parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadaente a un km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Calle de Galicia, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 1.950 m² 500.000 €
En Vilalba (Lugo), se vende solar situado entre el centro y la zona escolar, se trata de una parcela totalmente edificable, con calle por la parte arriba y por la parte de abajo. La edificabilidad a avda de Galicia son bajo, 5 plantas y ático.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

O Goberno local denuncia o proxecto de mellora da LU-540

O Concello de Muras presentou un contencioso administrativo contra a Xunta de Galicia polo proxecto de mellora da estrada LU-540, entre Viveiro e Cabreiros. Segundo expón, esta obra non se axusta á normativa en materia de seguridade e tampouco incorporou as alegacións que fixo o Goberno local ao proxecto cando este estivo en exposición pública.

Afirmar que algunhas das medidas que se presentan implican unha división pola metade do Concello deixando incomunicadas ambas partes. Ademais, núcleos de poboación quedan tamén divididos.

O Concello solicitou no seu momento que se tivera en conta a construción dun futuro polígono industrial para deixar preparados os accesos “e obviouse esa cuestión no proxecto”, explica o alcalde. Tamén se solicitou un paso inferior á altura dos terreos onde se celebra a Feira do Poldro para poder manter a seguridade vial na zona. O mesmo pasou no lugar de Furco, que se solicitou un paso en altura para que os gandeiros puideran pasar o dun lugar ao outro.

Outra das queixas que se presentará é relativa á saída a vía desde Muras, que non ten o tamaño que se esixe por normativa para manter a seguridade da incorporación, xa que resulta moi curta. O proxecto incorpora tamén carrís de adiantamento que son incompatibles con manter a xeometría actual.

Reclaman como medidas engadidas o acondicionamento dos camiños de servizo e treitos como vías de servizo, creando unha circulación de tipo local fora da LU-540 en condicións de seguridade; así como a ampliación dos pasos inferiores para uso de vehículos e pasos de fauna.

O Trail das Bestas recibe o premio Galicia do Deporte pola súa xestión

O Trail das Bestas, a emblemática proba de montaña organizada no Xistral desde o ano 2017, foi distinguido nos XV Premios Galicia á Xestión Deportiva, na categoría de Xestión sostible no deporte. Este recoñecemento, outorgado pola Asociación Galega de Xestión Deportiva (Agaxede), destaca o labor colectivo na organización deste evento que xa se consolidou como unha das citas máis importantes no ámbito deportivo galego.

O galardón foi decidido por un xurado composto por 12 membros e a entrega tivo lugar nunha gala celebrada en Carballo. O alcalde, Manuel Requeijo, que estivo acompañado pola tenente de alcalde, Paula Gómez Souto, tamén responsable de deportes, recolleu o galardón.

O mandatario expresou as intencións da creación da proba, coa que “buscamos dar a coñecer unha das serras máis fermosas que hai en Galicia”. Así mesmo, destacou que “a mostra do cariño que poñemos na organización desta proba vese reflectido ano tras ano na implicación dos veciños e veciñas á hora de participar na organización, na súa dispoñibilidade á hora de ceder as fincas e pasos, de estar pendentes de botar unha man en todo o que se precise, son axentes indispensables”.

Desde o Concello de Muras expresaron o seu agradecemento a todas as persoas que fixeron



posible este recoñecemento e mencionaron tamén a contribución dos anteriores tenentes de alcalde, Belén Chao e Mario Rouco.

O Trail das Bestas demostrou ser moito máis que unha carreira. Este ano, na súa sétima edición, celebrada o pasado 7 de xullo, foi incluído no Campionato Galego de Maratón, contando coa participación de máis de 300 deportistas.

Este recoñecemento supón un impulso para seguir promovendo o deporte sostible e a convivencia coa natureza, valores que caracterizan o Trail das Bestas.

O impago das facturas trae dúas denuncias contra o Concello

O Concello de Muras enfróntase a novas dificultades legais pola falta de acordo entre Goberno e oposición tras as reclamacións presentadas por dúas empresas debido ao impago de facturas. Estas compañías, afectadas pola falta de pagamento, iniciaron accións por vía contencioso-administrativa, segundo informou o alcalde, Manuel Requeijo, no pleno.

Unha das empresas reclamantes é unha barreirense que realizou as obras no colexio e afirma que o Concello lle debe arredor de 80.000 euros. A outra empresa, da Coruña, reclama unha débeda de 1.800 euros. O Concello prevé iniciar expedientes de reintegro patrimonial para reclamar aos membros da oposición os intereses e as costas procesais derivados destes procesos, apoiándose nun informe da secretaria municipal. Requeijo defendeu que esta situación xorde da negativa da oposición a aprobar as facturas en sesións plenarias anteriores. “A irresponsabilidade da oposición, ao non aprobar os pagos, está a prexudicar os fondos públicos e pode derivar nun custo maior para o Concello”, afirmou.

O pago das facturas foi ao Pleno en varias ocasións e os votos conxuntos de PP e PSOE impediron ao Goberno completar o proceso.

Durante o pleno o debate centrouse noutra cuestión económica. A voceira popular afirmou que o Concello ten unha débeda municipal de 700.000 euros e que os prazos de pagamento xa superan os 70 días. A portavoz do PP, Eugenia Requeijo, cuestionou ao goberno local sobre posibles subas de impostos para facer fronte ás débedas, mentres o



alcalde instou á oposición a colaborar coas súas propostas en lugar de limitarse ás críticas. Afirmou o rexedor que “a voceira popular ten que aprender a ler unha conta xeral antes de dicir despropósitos”. Asegurou que o Concello ten un remanente de máis de millón e medio de euros con débeda cero. Tamén explicou que mentres no se paguen as facturas pendentes, “que a oposición se nega a pagar”, os prazos de pagamento seguirán a aumentar.

Ademais, Manuel Requeijo retou á concelleira popular a demostrar que o Concello ten esos 700.000 euros de débeda. “Non se poden soltar cousas así pola boca libremente, hai que demostralo”, dixo.

Por outra banda, o pleno serviu para despedir á exconcelleira Cristina Franco e deu a benvida a María Azucena Camba, quen tomou posesión como nova integrante do equipo de goberno.

Coa aprobación das contas xerais grazas aos votos do BNG e a abstenção de PP e PSOE, o Concello ten previsto habilitar unha nova partida de crédito extraxudicial a partir de abril para facer fronte ás débedas.



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

ROSALÍA DE CASTRO



O colexio Antía Cal de Muras loce un gran mural na súa fachada dedicado a Rosalía de Castro. A obra foi realizada por Trece Trazos, concretamente polo debuxante Rubén Paz, e representa unha loubanza da escritora e de Galicia, en especial polo 23 de febreiro. Trátase dunha acción financiada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A Deputación axuda con 135.000 euros á Fundación Dano Cerebral

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou darlle unha achega por 135.000 euros á Fundación de Dano Cerebral (Fudace) para colaborar cos gastos de reforma e ampliación do centro de atención a persoas con dano cerebral que a entidade xestiona nun espazo cedido pola Deputación en Castro de Rei.

Concretamente, este investimento da institución provincial servirá para a reparación exterior dos dous

edificios que forman o centro e da pasarela que os conecta, coa instalación dun revestimento que garanta a impermeabilización do edificio e a substitución das ventás; e tamén para dotar ao centro dunha sala para o descanso do persoal e de visitas para os residentes.

As obras desenvolveranse durante as anualidades 2025, 2026 e 2027 e o investimento necesario para acometelas ascende a 208.498,89 eu-

ros, dos que a Deputación achegará preto do 65 %.

O centro que Fudace ten en Castro Ribeiras de Lea está situado na antiga Escola Fogar, no complexo que comprende tamén a Granxa Gayoso Castro, e foi cedido pola institución provincial a esta entidade no ano 2002 e ata o 2067. O centro conta con 28 prazas para persoas con dano cerebral de toda Galicia que son atendidas por 23 traballadores.



O BNG acusa á Xunta de abandonar ao concello

A deputada do BNG, Montse Valcárcel, presentou no Parlamento galego varias emendas aos orzamentos da Xunta para mellorar deficiencias que a veciñanza de Castro de Rei lle fixo chegar ao grupo local do BNG. Todas as emendas presentadas foron rexeitadas.

Entre as emendas presentadas atopábase o dotación dun ximnasio para o CEIP Veleiro do Campo, pois as crianzas que asisten a este centro non contan cunha instalación interior para realizar a actividade de educación física.

A veciñanza de Castro de Rei, a través do BNG, tamén solicitaba á

Xunta de Galiza o acondicionamento da zona deportiva de Castro de Ribeiras de Lea, pois esta presenta "unhas condicións de deterioro moi alarmantes" polo que se solicitaba o arranxo e acondicionamento das pistas de baloncesto, exterior da piscina municipal e aparcadoiro do municipal Arturo Pereiro.

O BNG tamén se fixo eco das reclamacións das parroquias para facer un plan para ter unha rede de abastecemento de auga, así como mellorar a decantación e depuración da rede existente pois ao longo do ano danse moitos problemas coa calidade da auga.

Afectados pola falta de pediatras reclaman unha xuntanza con Sanidade

As familias afectadas pola falta continuada de atención pediátrica nos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito solicitaron unha xuntanza co delegado Territorial da Xunta en Lugo e co xerente da Área Sanitaria de Lugo.

O colectivo cre necesario expoñerlles "a nosa situación para que sexan

partícipes de como nos sentimos ante o deterioro constante deste servizo público, e esixirlles que tomen as medidas oportunas para solucionar un problema que afecta a máis de 1200 crianzas dos tres concellos afectados".

"Levamos preto dun mes agardando pola resposta a esta solicitude, esperamos non tarden en darnos unha

reposta para recibirmos e así poder expoñerlles a nosa situación" dixo, Lucía Madarro, nai afectada pola falta de pediatra.

"Non estamos a pedir nada excepcional; simplemente queremos que se garantan os nosos dereitos, os dereitos das nosas crianzas a ter unha atención pediátrica digna dentro da sanidade pública", conclúen.

O grupo Os Baluros presenta en Castro de Rei a súa nova obra de teatro

O grupo de teatro Os Baluros levará aos escenarios a súa obra titulada *Recobrou o sorriso Eleuterio* o próximo sábado 11 de xaneiro ás 20:00 horas no centro cultural Xosé Manuel Carballo.

Trátase dunha representación teatral pensada para todos os públicos, que promete momentos cheos de humor e emoción.

Ao remate da función, o público e os actores poderán gozar dun momento especial compartindo chocolate gratis.

XUNTANZA



Os antigos alumnos nados no ano 1976, que cursaron a EXB no Colexio Ramón Falcón de Castro de Rei, celebraron a súa xuntanza anual na Parrillada Bañal. Durante o encontro, Ana Belén e Carmiña fixeron entrega do relevo organizativo a Librada e Chicho, quen se encargarán de preparar a cita do vindeiro ano. Como é tradición, a reunión terá lugar o último sábado do mes de novembro.

O FSF celebrará o décimo aniversario da creación

O FSF Castro está de aniversario e quere celebralo cunha gran cea que terá lugar o sábado 8 de febreiro ás 21:30 horas nunha carpa instalada ao lado do pavillón municipal de Castro. Con esta celebración, o club conmemora 10 anos de traballo e ilusión, nunha noite que promete estar cargada de bo ambiente, risas e música a cargo dun DJ en directo para animar a festa.

A cita inclúe unha cea conxunta para todos os asistentes, cun menú com-

pleto no que non faltarán os mellores sabores. Habrá entrantes como xamón cocido á feira, croquetas, luras e polbo, seguido dun prato principal de churrasco mixto con criollos e patacas fritas, rematando cunha Tarta San Marcos de sobremesa. As bebidas tamén estarán incluídas, cunha selección de auga, viño, refrescos, café e licores para completar a velada. O prezo da entrada é de 30 euros para adultos e 15 euros para nenos e nenas menores de 12 anos.

FP Ferretería Puentes, S.L.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503



VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



Aprobada en Pleno unha proposta para mellorar o servizo de pediatría

O Concello de Outeiro de Rei celebrou o último pleno ordinario do ano 2024, no que se trataron diversas cuestións de interese para o municipio. A sesión, que tivo lugar na casa consistorial, contou con cinco puntos na orde do día e destacou temas de relevancia como a mellora do servizo de pediatría no Centro de Saúde do Concello.

O pleno comezou coa aprobación por unanimidade da acta da sesión anterior e coa dación de conta dun decreto sobre a modificación de delegacións de Alcaldía. O BNG presentou unha moción relativa aos asuntos a incluír nos vindeiros orzamentos municipais, que foi rexeitada con 4 votos a favor e 9 en contra.

Ademais, tratouse o expediente 1336/2024 sobre o inventario ou catálogo de bens do concello, que foi aprobado con 10 votos a favor e 3 abstencións. Este paso é considerado fundamental para mellorar a xestión patrimonial do

municipio.

Pero o punto central do pleno foi a moción presentada polo PSOE sobre a ausencia de pediatra no municipio, que instaba ao equipo de Goberno a reclamar ao Sergas unha solución definitiva para esta situación. A proposta socialista, en si, “non foi aprobada”, segundo explican desde o Goberno local, pero o Partido Popular propuxo unha emenda de substitución, consistente en manter dúas xornadas semanais de atención pediátrica ata superar a actual baixa de longa duración, e posteriormente aumentar o servizo a tres días por semana. Esta emenda foi aprobada por unanimidade e será trasladada á Consellería de Sanidade, ao Sergas e á Xunta de Galicia.

REACCIÓN SOCIALISTA. O Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei cualificou como “un paso decisivo a aprobación por unanimidade dunha moción para demandar



unha atención pediátrica adecuada no Centro de Saúde local”.

A iniciativa, presentada polos socialistas e defendida pola súa voceira, Carmen Acacio, puxo o foco na “crítica situación sanitaria que padecen as familias do municipio pola falta dun pediatra fixo e estable”.

Na súa exposición de motivos, Acacio explicou que a atención pediátrica en Outeiro de Rei leva anos marcada por unha “evidente falta de recursos”. Segundo denunciou, máis de 500 nenos e nenas do Concello teñen acceso como máximo a unha consulta semanal, xa que o pediatra asignado tamén atende en Cospeito e Castro de Rei, acumulando máis de 1.600 pacientes nos tres muni-

cipios.

A situación agravouse recentemente coa baixa médica de longa duración do único pediatra dispoñible, que non foi substituído por outro especialista. “Esta carencia está obrigando as familias a recorrer a médicos de atención primaria, xa saturados, ou mesmo ás urxencias hospitalarias, cun impacto negativo tanto na saúde das crianzas como na conciliación familiar”, explican.

E agradecen e valoran “a implicación das familias e queremos expresarlles o noso apoio incondicional. Desde o Grupo Socialista non só nos solidarizamos con elas, senón que seguiremos traballando para que a súa voz sexa escoitada”, asegurou Acacio.

Abre o prazo para as actividades da calma

Abriu o prazo de inscrición de Mentres en Calma e Aula da Calma para mozos e mozas, dúas propostas para aprender a xestionar as emocións e buscar a calma que terán lugar na Casa Barxa.

Mentes en Calma é unha actividade aberta para o público en xeral que contará con dúas sesións mensuais de unha hora e cuarto os venres ás 17:00 horas do 24 de xaneiro ata o 30 maio. Deberá haber un mínimo de 10 participantes.

Por outra banda, Aula da Calma para mozos e mozas é unha actividade na que se pretende dar as ferramentas para manexar a ansiedade, o estrés, a frustración ou a incerteza.

Contará con dúas sesións ao mes dunha hora de duración centradas en levar a cabo prácticas de ioga, mindfulness e relaxación que serán os martes ás 19:00 horas. A actividade estenderase do 28 de xaneiro ata o 20 de maio. Deberá haber un mínimo de 8 participantes,

As inscricións poderanse realizar a través da sede electrónica ou de xeito presencial no Concello ata completar aforo e terán un prezo de 15 euros para cada actividade.

O BNG reclama á Xunta partidas orzamentarias

A deputada nacionalista Montse Valcárcel visitou Guitiriz acompañada polos concelleiros do BNG, Mónica Roca e Afonso Losada para informarllos do rexeitamento da Xunta das emendas que presentaron aos orzamentos do 2025 que tiñan a ver con aspectos substanciais que, de aprobarse, incidirían moi positivamente na calidade de vida das veciñas e veciños de Guitiriz, ao afectar á educación, á seguranza viaria entre outros. Así, demandarase a mellora do arranxo do teito e do peche perimetral na parte superior dos laterais do pavillón do instituto IES Díaz Castro, para evitar que entre auga nas pistas. “É unha actuación imprescindible para mellorar o lugar onde a rapazada ten que facer educación física”, afirmou Montse Valcárcel, deputada nacionalista do BNG.

Así mesmo tamén se solicitara a mellora da seguranza viaria na LU-170 entre Momán e Xermade e a rozas das vías de servizo nesta estrada no municipio de Guitiriz.

Tamén se tiña reclamado a supresión das curvas perigosas existentes na LU-242 entre os KM 0,8 e 0,9, nas chamadas curvas do Río Pequeno o que “melloraría o acceso á vila de Parga e que son unhas curvas bastante perigosas” concreta.

Escollidos os gañadores do concurso de postais

O Concurso de Postais de Nadal do Concello de Outeiro de Rei xa ten gañadora absoluta: Adriana Rouco Marqués, de 6ºB, que destacou entre os participantes polo seu talento e creatividade e coa súa postal o Concello felicitará as festas aos seus conveciños.

Ademais, premiáronse os seguintes alumnos nas distintas categorías. Na Categoría I (de 1º a 3º de Educación Primaria), os premios foron para Martín Iglesias Galán

(1ºA), Aldán Vázquez Fernández (1ºB) e Carla Gil Martínez (3ºA). Obtiveron accésits Sergio Mouriz Pena (2ºB) e Rosa Morais Corbelle (3ºB).

Na Categoría II (de 4º a 6º de Educación Primaria), ademais do premio a Adriana Rouco Marqués (6ºB), tamén foron galardoados Iago Río Pernas (5ºB) e Noé Morais Corbelle (5ºB). Os accésits foron para Martín Blanco Pérez (4ºA) e Valeria Méndez Rodríguez (4ºB).

O BNG denuncia falta de apoio á lingua por parte do Goberno

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Outeiro de Rei volveu presentar por quinta vez, unha moción para o fomento, promoción e visibilización da lingua galega. Porén, a proposta foi novamente bloqueada polo equipo de goberno, que rexeitou sequera debater as medidas suxeridas.

A moción, que incluía iniciativas como a adhesión á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Gale-

ga (Alingua) e a posta en marcha de actividades de Restauración da memoria lingüística de Galicia. Entre as propostas do BNG destacaba tamén a creación dun posto estable de técnico de normalización lingüística, dado que o Concello xa é beneficiario de subvencións destinadas a ese fin. O concelleiro nacionalista tamén denunciou unha crecente “deriva castellanizante” no Concello.

EN BREVE



RELATORIO. A UNED de Lugo levou a cabo recentemente unha charla sobre alfabetización climática no centro penitenciario de Bonxe, dirixida ás persoas internas. Esta actividade, organizada nas instalacións do propio centro, contou coa participación da directora da UNED de Lugo e do biólogo Alejandro Rodríguez. Ambos ofreceron unha análise divulgativa e comprensible sobre a crise climática actual, os seus impactos e as medidas necesarias para facerlle fronte.



XUBILACIÓN. Membros do Concello de Outeiro de Rei fixeron unha festa de despedida pola xubilación de José Manuel Reigosa Prados. Os traballadores municipais fixéronlle entrega dunha placa conmemorativa tras 41 anos de servizo e entrega ao Concello de Outeiro de Rei.

Guitiriz presenta un orzamento de 5,5 millóns de euros para 2025

O goberno local de Guitiriz presentará este xoves, 9 de xaneiro, en pleno extraordinario (8:30 horas) o orzamento do Concello para o ano 2025. Un documento equilibrado e axustado en gastos e ingresos que ascende a 5.511.441,60 euros, unha cantidade semellante á do ano 2024. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destaca que “neste ano mantemos a aposta polas políticas sociais de anos anteriores, amosando o noso compromiso por continuar ofrecendo servizos moi importantes para a veciñanza sen ter que recorrer á externalización”.

Algo que, segundo explica a rexedora, “é innegociable desde a nosa chegada, pois a máxima deste goberno sempre foi manter os servizos aos guitiricenses cunha clara aposta polo público, ao tempo que mantemos ou intentamos mellorar as infraestruturas ou outros servizos importantes para a veciñanza”.

Por outra banda, Morandeira tamén apunta a que “é un orzamento dinámico e vivo, ao igual que todos os anos, que irá incrementando a partida de investimentos ao longo do exercicio grazas ás achegas pen-

dentes doutras administracións e á incorporación de suplementos de crédito, reflectindo a forte situación económica do Concello”.

O anexo de investimentos ascende este ano a 139,643,06 euros, que se dividen nas seguintes intervencións; Mellora de accesos a Ixavra e Penabico dentro do Plan de Mellora de Camiños 2024-2025 (50.611,64 euros), Aportación Municipal para a Mellora de Camiños (20.000 euros), Estudo de Rede Viaria (12.100 euros), Obra de Urbanización do ARI Buriz (45.000 euros), Certificación final de obra de mellora de cuberta e parámetros exteriores do pavillón municipal (7.611,42 euros) e Aportación municipal para convenio para a obra de renovación do colector paralelo á Vía do Ferrocarril (4.320 euros).

Con todo, cóntase con incrementar a partida de investimentos ao longo do exercicio a través das achegas doutras administracións e coa incorporación de suplementos de crédito, o que posibilitará novas intervencións en caso de que sexa preciso.

O apartado de gastos correntes ascende a 5.354.298,54 euros, nos que destacan os destinados ao persoal

municipal e que se xustifican en que a maior parte dos servizos ofrécenos o Concello sen recorrer á externalización (servizos sociais, recollida de lixo, mantemento de espazos públicos, de potabilizadoras e depuradoras...).

Auméntase a consignación de crédito para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, axudas de emerxencia social, bolsas de formación, material escolar, axudas ao transporte e outras de ámbito educativo, cun total de 77.300 euros.

Marisol Morandeira destaca que, con respecto ao orzamento do ano 2024, hai un incremento de 634.966,69 euros dado á suba do prezo dos subministros, como por exemplo o gasóleo, a electricidade e outros servizos prestados por empresas que subiron as súas tarifas, como por exemplo no mantemento de instalacións, mantemento de vehículos, produtos para depuradoras e a consignación do contrato mixto de subministración da enerxía eléctrica e o contrato do servizo complementario de axuda no fogar.

Os Vilares celebra as festas de xaneiro

Os Vilares acollerá os días 18 e 19 as súas tradicionais festas de San Vicente. O sábado 18 dará comezo coa misa solemne seguida da procesión e a sesión vermú, que estará animada polo grupo Master, mentres que na repetirán xunto á orquestra Olympus.

O domingo 19 continuará a celebración cunha nova misa solemne e procesión ao mediodía, seguida dunha sesión vermú do grupo Zona Zero, que poñerá o punto final a estas festividades. A organización corre a cargo do Monte Veciñal en Man Común Os Vilares.

CONCERTO DE NADAL



Guitiriz celebrou o seu Concerto de Nadal o pasado 23 de decembro na Casa Habanera organizado pola Escola de Música Municipal de Guitiriz (Esmuguitiriz), que comezou ás 19.30 horas e contou cunha destacada participación dos diferentes grupos da escola. O público puido gozar das actuacións do grupo de iniciación á música, o conxunto de guitarras e a Banda de Música Municipal de Guitiriz.



O BTTeando e Guitiriz en Ruta pechan o programa do ano con dúas saídas

O programa BTTeando por Guitiriz, organizado polo Concello e o Club Btteiros Cova da Serpe, reuniu a preto de 60 participantes na Ruta de Fin de Ano, a derradeira do 2024 e tamén da actual temporada.

A saída tivo lugar o domingo 29 de decembro e contou cun gran número de participantes que percorreron 20 quilómetros pola contorna da parroquia de Lagostelle.

A ruta empezou ás 10:00 horas desde o Campo da Feira de Guitiriz, mesmo punto onde foi a chegada. A mañá estivo ideal para andar en bicicleta, cunha temperatura agradable para a época do ano e sen precipitacións, polo que os participantes puideron gozar dunha agradable mañá de deporte na que descubriron os camiños da parroquia guitiricense de Lagostelle.

Esta ruta pon o punto e final á actual temporada do programa BTTeando por Guitiriz, que neste 2024 contou cun total de oito saídas na que foi a súa sexta edición.

GUITIRIZ EN RUTA. O programa ‘Guitiriz en Ruta’ reuniu a 19 participantes na Ruta do Río

Requeixo o pasado domingo, 22 de decembro, na que foi a última saída desta sexta edición.

En total, os asistentes fixeron un percorrido lineal de 12 quilómetros desde San Alberte ata a ponte do Porto dos Bois, na parroquia de Buriz.

Os participantes empezaron na Ruta da Auga e despois enlazaron coa Ruta do Río Requeixo na ponte de Roca, punto onde empeza.

Estiveron acompañados por Olga Vázquez, técnica de Turismo no Concello de Guitiriz, quen foi a encargada de explicar todos os emblemáticos elementos que forman o lugar de San Alberte: a ponte, a capela, a fonte, o cruceiro, o Camiño Norte de Santiago e a natureza.

Para rematar a andaina e, con ela, o programa de rutas deste ano, o Concello invitou aos participantes a compartir uns pinchos de confraternidade aos que asistiu a alcaldesa, Marisol Morandeira, pechando desde xeito o Guitiriz en Ruta do 2024.

Estas saídas contan cunha gran aceptación polo que son actividades que se levan repetindo os últimos anos con moita asistencia de público.

Quando necesitas enerxía
limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



Entregan os premios do certame de decoración



O xurado do concurso de decoración organizado polo Concello de Xermade fixo entrega dos premios, tras analizar con detalle as propostas presentadas e tomar a súa decisión.

A entrega oficial de premios tivo lugar este luns 30 de decembro no salón de plenos do Concello de Xermade.

Os premios foron concedidos a Jennifer Caaveiro Pena polo mellor árbore de Nadal. Esther Roca Barro gañou na categoría de belén e nacemento e a mellor decoración xeral interior foi para Fernando González Corral. Finalmente, en

decoración exterior gañou Marisol Corral Martínez.

Na categoría de establecementos comerciais e locais de asociacións veciñais o premio este ano foi para a decoración xeral da Asociación de Veciños de Cabreiros.

Desde o Concello, felicítase a todas as persoas premiadas polo seu traballo e agradece a alta participación da veciñanza, que contribuíu a engalanar Xermade durante as festas.

O tribunal estivo presidido polo alcalde, Roberto García Pernas, e composto por especialistas en deseño, emprego e traballo social.

A Deputación inviste na praia fluvial e nun camiño de Cabreiros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos un acordo de colaboración co alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, a través do que a institución provincial financia con case 100.000 euros a mellora da contorna da praia fluvial de Cabreiros e un camiño municipal nesa mesma parroquia no lugar de Amosa e Cristo. Neste caso, o Concello comprométese a achegar máis de 30.000 euros para chegar a un orzamento total duns 130.000.

José Tomé enmarcou este acordo dentro dun dos eixos prioritarios do Goberno da Deputación: a cooperación cos concellos e destacou que estas colaboracións permiten mellorar os servizos públicos e incrementar a calidade de vida dos veciños e veciñas.

“Apostamos por reforzar a igualdade de oportunidades para todos. Porque estas achegas permiten a concellos pequenos e rurais, con recursos económicos limitados, como Xermade, desenvolver iniciativas que melloran os servizos



de calidade e contribuír a fixar poboación”, sinalou.

Concretamente, este acordo contempla a realización de dúas actuacións na parroquia de Cabreiros. A primeira, cun orzamento de 71.000 euros, consiste na mellora da contorna da praia fluvial co acondicionamento da zona de baño e a área de xogos infantís. A obra contempla a instalación de presas desmontables na época estival co obxectivo de que a veciñanza e os visitantes disfruten dunha mellor área de lecer á beira do río.

O alcalde de Xermade destacou

que esta colaboración económica da Deputación servirá “para recuperar unha antiga praia fluvial no río Trimaz na área recreativa de Cabreiros, situada na Rede Natura 2000 e na Reserva da Biosfera Terras do Miño e coa que promovemos un turismo sostible e de calidade”.

Este acordo permitirá acondicionar un camiño municipal, que dá acceso desde a estrada LU-170 aos lugares de Amosa e Cristo. Os traballos consistirán na limpeza de cunetas, mellora do firme con aglomerado en quente e o pintado da vía.

Sotavento supera os 300.000 visitantes cos centros educativos

O Parque Eólico Experimental de Sotavento acadou un importante fito ao superar os 300.000 visitantes desde a súa inauguración. A visitante número 300.000 foi unha moza de 16 anos procedente do CPI Santa Lucía de Moraña.

Durante o ano 2024, Sotavento recibiu un total de 9.192 visitantes repartidos en 243 visitas, o que supón un incremento de preto de 1.000 persoas respecto ao ano 2023. Estes datos consolidan a Sotavento como un centro de referencia en formación en educación enerxética, tanto para alumnado galego como doutras comunidades autónomas.

O 40% dos participantes nas actividades pedagóxicas procederon de centros de Secundaria, seguidos de grupos técnicos e centros de Primaria. Ademais, ao longo deste ano desenvolvéronse actividades específicas de formación do profesorado, ampliando así o impacto educativo do parque.

Sotavento tamén reforza o seu papel como ferramenta clave para o sector eólico, organizando cursos de pilotos de drons para inspección



de aeroxeradores e simulacros de rescate adaptados ás máquinas eólicas. Entre as iniciativas máis destacadas de 2024 inclúese a participación en Enerxetika 2024, a Feira da Enerxía de Silleda, e a recepción no mes de maio dos embaixadores dos 27 países da Unión Europea.

No ámbito turístico, Sotavento segue a captar o interese de importantes operadores que inclúen as súas actividades como opcións para cruzeiros internacionais con escala en portos galegos. Este in-

terese continuará en 2025, cunha notable afluencia prevista.

Para o primeiro semestre de 2025, xa están concertadas 4.000 visitas e mantense unha lista de espera de máis de 1.000 alumnos/as para o próximo curso académico.

Con este balance positivo, Sotavento reafirma o seu compromiso coa divulgación, a formación e o desenvolvemento sustentable, proxectándose como un espazo singular e pioneiro no ámbito enerxético e educativo.

Momán acolleu un acto de restauración da memoria lingüística



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, participou do evento dedicado á restauración da memoria lingüística, celebrado no Concello de Xermade, na igrexa de San Mamede de Momán.

Alí, Blanco felicitou ao alcalde de Xermade, Roberto García, e á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, a UNED Sénior da Coruña e o Concello por organizar este acto, cualificándoo de “xustiza histórica e reafirmación cultural. Hoxe lembramos a Jesús Paz Paz, quen dedicou a súa vida para promover a cultura e as

tradicións da súa terra. Honrar o seu legado é un recordatorio de que as linguas son herdanzas vivas que debemos coidar e transmitir”, expresou.

O delegado destacou que o galego é máis que un medio de comunicación e subliñou a importancia de protexer e fomentar o uso do galego como símbolo de identidade e riqueza cultural da rexión: “É unha maneira de pensar e de vivir no mundo. É unha parte esencial do valioso legado cultural do Estado, que enriquece a nosa diversidade e defínenos como sociedade”.

Adxudicada a obra da futura residencia de maiores municipal

O Concello de Abadín rematou o proceso de licitación da construción da residencia de maiores coa adxudicación á mesma a Regenera Construcciones y Contratas 2022 por un importe total de 2.309.733,49 euros e un prazo de execución de 11 meses.

Esta residencia terá unha xestión que dependerá directamente do Concello. As obras consistirán na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo do colexio infantil, actualmente en desuso, para convertelo nun centro residencial con 44 prazas repartidas entre 22 habitacións dobres.

Esta actuación desenvólvese no marco do Plan de investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Goberno galego financia unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias,



centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O Goberno autonómico achegará 1,2 millóns de euros mentres que a obra ten un orzamento de 2.358.742 euros. No caso de Abadín,

financia a máxima contía posible do total dos traballos.

Ademais de ampliar as dúas plantas do edificio actual, construírse un anexo coas mesmas alturas conectado a través de dous accesos coa construción principal. As zonas comúns situaranse na planta baixa.

A organización adianta a xuño a terceira edición do festival Rumboia Viva

A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, anunciou a celebración da terceira edición de Rumboia Viva, un festival cultural que terá lugar o próximo mes de xuño, na porta da Terra Chá.

A data que avanza o colectivo é o 28 de xuño, un mes antes das dúas primeiras edicións, que foron a finais de xullo e que acadaron un gran éxito.

O colectivo traballa no deseño do programa pero asegura que haberá moitas actividades e tamén novidades aínda que música, xogos e obradoiros volverán ser os grandes protagonistas.

“Vimos con máis alento que nunca e cunha imaxe que representa á perfección as ganas que temos desta terceira edición”, explican desde o colectivo.



Presentan tamén unha nova imaxe, ideada por Nahum Martínez Blanco coa que representar “a celebración da amizade, da música e da cultura”.

En exposición pública, a mina de seixo do Concello de Abadín

O Sindicato Labrego Galego informou sobre unha solicitude para a explotación dunha nova mina no concello de Abadín. Ante esta situación, convocaron unha xuntanza informativa que se celebrará o xoves 16 de xaneiro ás 16:00 horas no Local Social de Candia.

A iniciativa busca informar á veciñanza sobre o proxecto mineiro e as súas posibles implicacións no territorio, así como promover o debate arredor do seu impacto social, ambiental e económico. Co lema #NonÁMina #SiÁVida #AMinaContamina, a organiza-

ción amosa o seu rexeitamento ao proxecto e reforza o seu compromiso coa protección do medio ambiente e das comunidades rurais. Para máis información, o Sindicato Labrego Galego puxo a disposición dos interesados os teléfonos 982 512 431 e 659 985 308, ademais do correo electrónico vilalba@sindicatolabrego.gal.


A convocatoria busca fomentar a participación veciñal na defensa do territorio e advertir sobre os riscos asociados a esta explotación mineira na comarca da Terra Chá.

Abre unha mostra de traballos sobre a violencia de xénero

O Concello de Abadín inaugurou unha exposición de cartéis no seu vestíbulo de entrada que aborda o tema da violencia de xénero. Esta mostra busca sensibilizar á cidadanía e fomentar a reflexión sobre unha realidade que é necesario erradicar entre todas e todos.

Os cartéis expostos presentan mensaxes directas e impactantes, coa intención de educar e promover o compromiso colectivo contra a violencia. A iniciativa busca poñer de manifesto comportamentos e situacións que perpetúan esta problemática, promovendo así a toma de conciencia social.

Desde o Concello animan a todas as



persoas interesadas a visitar a exposición e a compartir a información para que máis xente poida achegarse.

MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

A Deputación licita os traballos de mellora en tramos da LU-P-4404

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación das obras de dous proxectos que afectarán a diferentes tramos da estrada LU-P-4404 en Riotorto.

Así, a Deputación investirá uns 194.126,22 euros na rehabilitación de tres quilómetros do firme da estrada que conecta Riocabo e As Rodrigas, nun tramo que vai desde

o quilómetro 15 ao 18,03.

Os traballos consistirán na drenaxe mediante a reapertura e mellora das cunetas, pavimentación con aglomerado en quente, o pintado da vía mediante marcas reflexivas brancas e reposición da sinalización vertical. O prazo de execución será de dous meses desde o inicio dos traballos.



A veciñanza mobilizouse por máis cobertura da atención primaria na vila

A veciñanza de Riotorto mobilizouse en defensa do seu centro de saúde. Máis dun cento de persoas asistiron á concentración, convocada polo BNG, para reclamar a cobertura das prazas de medicina familiar do centro de saúde, que leva dous meses sen atención médica estable.

“Non nos conformamos cun consultorio por horas, esiximos atención médica a tempo completo, con persoal estable, traballando en condicións adecuadas para facer un seguimento e un control dos pacientes, que é para o que está prevista a atención primaria”, foi a demanda expresada pola portavoz municipal do BNG, Vanesa Gómez, durante a concentración, que se celebrou diante do centro médico. “O Partido Popular leva quince anos de goberno e quince anos preparando o desmantelamento dos centros de saúde do rural. E aproveitaron a pandemia para pisar o acelerador a fondo, recortando médicos a base de non cubrir baixas como fixeron aquí facendo consultas telefónicas, e automatizando procedementos para afastar

á xente das consultas”, explicou a voceira nacionalista.

O centro de saúde de Riotorto ten asignadas dúas prazas de medicina familiar. Unha delas leva máis de tres anos sen cubrir por unha baixa da persoa titular, que nunca foi substituída. A segunda quedou vacante a mediados de novembro por un traslado. Desde esa data, o centro de médico só ten atención médica a tempo parcial, en horarios variables.

O BNG de Riotorto manterá a mobilización nas vindeiras semanas. O vindeiro sábado 11 de xaneiro (ás 12.00 horas) celebrarase unha xuntanza aberta na Casa da Cultura para acordar coa veciñanza e cos colectivos que queiran sumarse o calendario de accións a desenvolver para recuperar a atención sanitaria no municipio.

A formación nacionalista presentará no Parlamento de Galicia unha iniciativa para reclamar a cobertura das prazas de medicina familiar no centro de saúde de Riotorto da man do deputado Daniel Castro, que tamén participou na concentración desta mañá.

Finaliza a obra de rehabilitación integral da Xunta no colexio

Finalizan as obras de rehabilitación integral do CEIP de Riotorto, para as que Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP destinou un orzamento de 530.000 euros. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, participou no acto de inauguración organizado polo centro, onde enmarcou esta actuación “no forte impulso que lle está a dar a Xunta á modernización dos colexios e institutos da provincia”.

“Con estas obras as instalacións educativas non só incrementan a eficiencia enerxética, senón que tamén gañan en confort e funcionalidade para responder mellor ás necesidades do día a día”, apuntou. No que atinxe ás actuacións realizadas no CEIP Riotorto, orientáronse principalmente a reducir o consumo enerxético. Para iso acometeuse o illamento da fachada con sistema tipo SATE, a substitución da caldeira de gasóleo por unha de biomasa e a renovación das carpintarías da planta baixa -incluíndo persianas e caixas de persianas- para



reducir a permeabilidade do aire.

Así mesmo, no interior instaláronse luminarias LED con regulación lumínica en aulas e detectores de presenza en zonas comúns e aseos; e colocáronse falsos teitos con illamento acústico en distintas dependencias, entre outras medidas.

Tamén se levaron a cabo outras tarefas, como a substitución do lucernario de policarbonato ondulado que se atopa entre o colexio e o po-

lideportivo por un de policarbonato compacto, a reparación de zonas puntuais da cuberta e do revestimento das paredes, ou o cambio dos canlóns e baixantes de augas pluviais, para unilos ao saneamento existente. Así mesmo, pintouse o interior do colexio, entre outras accións. Arias apuntou que todas estas melloras prográmanse no marco do Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta.

Destinaranse 910.000 euros a rehabilitar o colexio de Meira

A Xunta investirá case 910.000 euros na rehabilitación integral do Colexio CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz de Meira, unha actuación enmarcada no Plan de nova arquitectura pedagóxica, que inicia agora unha segunda fase coa que eleva o seu orzamento a preto de 500 millóns de euros.

O proxecto inclúe unha batería de actuacións para a mellora da eficiencia enerxética do centro, entre as que destacan o illamento da fachada con sistema SATE, o cambio da cobertura de lousa dos tres edificios por paneis sándwich de panel con illamento de espuma de poliuretano e a substitución das luminarias actuais por equipos LED, con regulación lumínica e detectores de presenza nas zonas comúns con sistemas bluetooth en lámpadas indicadas en planos de iluminación.

Tamén se instalarán novas fiestras de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e cámara de aire intermedia. A maiores, colocáronse falso teito acústico en aulas e despachos e vinílico nos aseos. Por outra banda,



reparáronse e pintáronse os paramentos interiores e as estruturas metálicas de soportais do centro, abrillantarase os pavimentos e reorganizáronse algúns espazos.

Esta actuación está xa contemplada nos Orzamentos de 2025 da Consellería de Educación, Ciencia, universidades e FP e intégrase no Plan de nova arquitectura pedagóxica, cuxo orzamento total o Goberno galego vén de elevar a preto de 500 millóns de euros.

O investimento inicial para o período 2025-28, aprobado no Consello da Xunta, é de máis de 267 millóns de euros, que se suman aos 230 millóns

de euros executados entre 2021 e 2024 con intervencións en practicamente todos os centros.

Isto inclúe tanto a construción e a ampliación de centros, como rehabilitacións integrais, cambios de cuberta, actuacións de enerxías renovables e numerosas obras de mediana e pequena envergadura como instalación de ascensores ou renovación de aseos, entre outros.

A segunda fase do plan consolida un investimento sen precedentes nun dos parques inmobiliarios máis grandes da Xunta de Galicia, o dos centros educativos, integrado por arredor de 1.600 edificios.

Xa hai gañadores dos certames de arte e de debuxo de Begonte

A Delegación Territorial da Xunta acolleu a reunión do xurado do XXXV Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán, coincidindo coa inauguración da exposición que amosa as 14 obras presentadas ao concurso. O xurado, formado pola directora do Museo de Lugo, Aurelia Balseiro; a concelleira de Cultura de Begonte e membro da directiva do belén, Sonia Varela; e o artista Gonzalo Sánchez Folgueira Zalo, decidiu outorgar o primeiro premio, dotado con 2.000 euros, á obra *Sistouza* de Eduardo Pérez Baamonde, de Vilalba.

A primeira Mención de Honra foi para Manuel Carballeira Rivas, de Cospeito, pola súa obra *Río dourado*, e a segunda para Miguel Torre, do Incio, con *Brisa del Cantábrico*. A Mención especial do xurado recaeu na obra *Vista de la Rinconada y la Catedral* de José Luis Mendaña Cubi. A mostra, coa totalidade das obras presentadas ao certame, poderase visitar na sala de exposicións da Delegación Territorial da Xunta ata o vindeiro 13 de xaneiro.

O xurado do XLIX Certame de Debuxo infantil sobre o Nadal, tamén deu



a coñecer o seu veredicto.

Na categoría A, dirixida a alumnado de ata 3º curso de Educación Primaria, o xurado destacou a creatividade de Jara García Fernández, 1 e Sofía Abuín Gómez, do CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, que obtiveron os primeiros premios. Pola súa banda, Mía Marques Silva, Abril Niñe González e Naila Abreu Méndez recibiron os segundos. Na categoría B, para alumnado de 4º a 6º de Primaria, Iria Parga Piñeiro, do CEIP Virxe do Corpiño, e Antía Riveira Barcia, do

CEIP O Cantel, destacaron coas súas creacións e foron recoñecidas cos primeiros premios. Ademais, Noa Hernando Arroyo, Laura Longarela Arias e Cristian Prieto Gómez recibiron os segundos. Finalmente, na categoría C, destinada a estudantes de 1º a 4º da ESO, os primeiros premios recaeron en Marcos Cabada Dopico e Sara López Eijo, ambos do IES Vilar Ponte de Viveiro. O xurado tamén quixo recoñecer o talento de Nadia Novío Campo, Andrea Montero Moreira e Jayden Maragoto Diéguez.



O Centro de Día impulsa o proxecto solidario 'Anaquiños de Ilusión'

Os usuarios e usuarias do Centro de Día de Begonte, baixo a coordinación da terapeuta ocupacional Sonia López, puxeron en marcha o proxecto solidario *Anaquiños de Ilusión*, unha iniciativa solidaria que busca levar agarimo e apoio ás persoas en situación de vulnerabilidade do concello de Begonte durante o Nadal.

O proxecto consiste na creación e entrega de agasallos artesanais, elaborados ao longo deste ano polas propias mans dos participantes no centro. En total, confeccionáronse 82 agasallos utilizando materiais reciclados e con fins prácticos, como

moedeiros de feltro e bomboneiras feitas a gancho con bolsas recicladas.

Os agasallos foron entregados a persoas do municipio que viven soas, un xesto que busca achegar calor humano e compañía nestas datas tan especiais. A distribución realizouse a través dos Servizos Sociais comunitarios, mediante o Servizo de Axuda no Fogar.

Esta fermosa iniciativa pon en valor a solidariedade, a creatividade e o compromiso coa comunidade, facendo do Nadal unha época máis cálida e inclusiva para todos.



O belén xa acadou as 25.000 visitas o día 31

Este tempo de Nadal orixinou unha extraordinaria afluencia de visitantes ao belén de Begonte, estimándose que ao final do tempo de apertura as cifras van ser maiores ca calquera ano anterior.

Nos festivos e fins de semana, a afluencia foi continua, especialmente polas tardes, recollendo nalgúns días pasados as fotografías que se acompañan. Se habitualmente se estima que as visitas son arredor de corenta mil cada ano, ao día do remate de 2024 tiñamos superado as

25.000, sen longas colas pero con afluencia continua, obrigando a ampliar os tempos de apertura do Belén ata despois das oito do serán.

As razóns desta extraordinaria afluencia están, segundo percibimos dos visitantes, na difusión na prensa escrita e medios audiovisuais, as novas figuras do Belén e a banda sonora que acompaña as sesións, comentando o nacemento e a historia desta instalación que fai que a este pobo se lle coñeza como Begonte do belén.

O PP pide un plan para redistribuír o material da nave da Deputación

O Grupo Provincial Popular vén de recibir o inventario na nave de Begonte. Logo da súa análise os deputados do Grupo Provincial Popular piden a PSOE e BNG a elaboración dun procedemento público para dar publicidade a todo o inventariado e á súa posta a disposición xa que "para moitos concellos ou entidades pode ser de gran utilidade e así se porían en valor".

O voceiro popular, Antonio Ameijide, explica que segundo o inventario facilitado polo goberno provin-

cial hai 203 referencias catalogadas e todo o material se valorou en 182.300 euros.

Unha valoración que "podería ter que realizarse de novo", sinalan dende o Grupo Popular, xa que consideran que "semella demasiado baixa" para todo o material alí almacenado, como obras de arte, maquinaria de obra e de xardinería, embarcacións de todo tipo, material deportivo e polideportivo, equipamento para edificios e oficinas ou electrodomésticos indus-

triais.

"Somos conscientes de que hai material que tras varios anos alí tirado puido danarse e perderse, pero tamén sabemos que hai moitos elementos que cunha posta a punto serían de gran utilidade para dar servizo aos veciños da provincia", sinalan.

Neste senso, Antonio Ameijide pide a PSOE e BNG que reconsideren a catalogación e valoración dada a moitos elementos, "de residuo e un valor de 0 euros".



Pol

O concello, de maioría socialista, conta con dúas mulleres á fronte dos dous partidos da oposición

PP

A corporación de Pol, de tradición socialista e cunha das poboacións máis envellecidas da provincia, conta cunha oposición popular que lidera desde as últimas eleccións Nicole Grueira, unha das candidatas máis novas que se presentaron en Galicia e que logrou aumentar a súa renda de votos ata chegar a dous concelleiros. De feito, foi precisamente nesta lexislatura cando se presentou por primeira vez á Alcaldía.

Iniciouse recentemente na política, a raíz dunha xuntanza de veciños de Meira, onde comezou a involucrarse. “A partir diso, foron xurdindo diferentes situacións e oportunidades que me foron levando a dar pasos máis concretos. A vida sempre ten a súa maneira de sorprendernos, e a min foi exactamente iso o que me aconteceu. Nunca imaxinei que estaría nesta situación, nunca foi algo que tivese nos meus plans”, explica. Aínda así ten como meta recuperar a Alcaldía que durante 20 anos foi do popular José Luis Fugarolas, do que destaca a posta en marcha do alumeado público, a urbanización da capitalidade, o impulso e remate de concentracións parcelarias, o impulso da recollida do lixo, a chegada da traída de auga, o arranxo de pistas para mellorar a conectividade e a construción das piscinas, “un traballo que foi rematado baixo o goberno do PP, aínda que foi inaugurado polo PSOE”.

Para Nicole Grueira un dos obxectivos principais é mellorar as infraestruturas e fomentar a creación de emprego, “para xerar máis oportunidades e impulsar o crecemento do noso municipio. Tamén me comprometo a garantir que os nosos maiores teñan acceso fácil e rápido a todos os servizos que precisan. Para os máis novos, a ampliación da oferta de vivenda e a creación de facilidades para as familias son unha prioridade, coa fin de fomentar o crecemento



PP: “O Concello está nun momento crítico cunha débeda que supera os tres millóns de euros”

DATOS

HABITANTES: 1.542.
PARROQUIAS: 19.
EXTENSIÓN: 125,9 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PSOE, 2 do PP e 1 do BNG.
ALCALDE: Lino Rodríguez Ónega, do PSOE.
VOCEIRA PP: Nicole Gueira.
VOCEIRA BNG: Blanca Fernández Martínez



BNG

demográfico. Ademais, mellora dos servizos públicos, arranxo de pistas e, de forma fundamental, sanear a economía do concello que se atopa nun momento crítico cunha débeda que supera os 3 millóns de euros”. Considera de feito esta última como a necesidade máis imperante en Pol. Nesta experiencia política destaca como negativo “a frustración de non poder axudar tanto como nos gustaría, xa que non temos a capacidade de executar directamente as políticas que quixeramos levar”, así como o tempo que lle dedica ao seu labor de vixilante, “que implica que moitas veces non hai tempo para outras tarefas ou actividades persoais”.

Considera que o seu labor como oposición é ter un papel “construtivo e responsable” e cre que o seu labor é “levar propostas que solucionen os problemas da xente, para fiscalizar a xestión do goberno, para garantir que os recursos se utilicen de forma eficiente e para que as políticas públicas respondan ás verdadeiras necesidades da comunidade”.

Alega a concelleira tamén que a oposición é “un punto para informar á cidadanía de maneira clara e transparente sobre os asuntos públicos. E actuamos como un altofalante da xente, estando ao seu lado e escoitando as súas necesidades e problemas. Se calquera veciño ten un problema ou unha suxestión, pode contar con nós para defender os seus intereses. A nosa misión é traballar para que as políticas do Concello respondan realmente ás demandas dos veciños.

“Ser oposición non significa opoñerse a todo sen criterio, senón fiscalizar a xestión do goberno, propoñer alternativas, ser o altofalante da cidadanía e actuar sempre en defensa do interese xeral”, recalca.

Blanca Fernández Martínez é a única concelleira nacionalista actualmente en Pol. Leva máis e 20 anos traballando no BNG local, xa que comezou no 2003 e sempre foi parte da candidatura, agás no ano 2015, cando non se presentaron. Pero realmente a fascinación polo política vén de moito antes, xa que confesa que desde nena gustaba de ver debates e asistir a mitins.

Asegura que nunca tivo como obxectivo dedicarse á política “porque xa tiña unha vida profesional moi vocacional, na que me sentía valorada. Na miña traxectoria política sempre tiveron como obxectivo tratar de axudar aos veciños de Pol, aínda que dende a oposición non é unha tarefa doada”, explica.

Para Blanca Fernández o fundamental e para o que hai que traballar en Pol é por mellorar a situación económica, “xa que hai unha débeda

recoñecida de 3.400.000 euros, que é unha barbaridade tendo en conta que somos uns 1.500 habitantes. Hai moitos problemas para pagar os gastos correntes, entre eles as nóminas dos traballadores”, resume. Ademais propón que “dentro das necesidades que atopamos para mellorar a situación de Pol, está a construción dun centro de día, xa que no noso concello hai unha poboación moi envellecida. Tamén é urxente a aprobación do PXOM, paralizado dende o 2013 cando xa fora aprobado inicialmente; a construción de vivendas sociais, que axudaría a fixar poboación; levar a traída de auga pública ás parroquias que carecen dela, garantir a chegada da fibra óptica a todos os fogares de Pol e cubrir as zonas negras de telefonía aínda existentes”. Considera que a súa función está en “tentar axudar na mellora xeral do noso concello, pensando moito máis no colectivo que no beneficio duns poucos” polo que insiste en “ter informada á veciñanza de Pol do que acontece, facémoslle saber ao Goberno Municipal as necesidades dos polenses e do mesmo xeito, achegamos iniciativas para a mellora da calidade da súa vida. Desgrazadamente o alcalde non nos fai ningún caso xa que está obcecado coa cidade deportiva, que non repercute en nada na mellora de vida dos polenses”. Afirma que “é difícil facer oposición tendo en conta a forma de gobernar do alcalde a golpe de decretazos e tratando aos representantes doutros partidos cun desprezo absoluto. O que levo peor é ter que aguantar que se leve a discrepancia política ao terreo persoal e familiar”.

BNG: “O alcalde non nos fai ningún caso porque está obcecado coa cidade deportiva”



O Goberno local adxudica a xestión da piscina municipal

O Concello da Pastoriza confirmou a adxudicación do contrato para a xestión integral da piscina municipal á empresa Clece FS, SA. O acordo, cun importe anual de 467.652 euros, terá unha duración inicial de catro anos, con opción a prórroga dun ano. A nova xestión comezou o 1 de xaneiro.

O contrato contempla un incremento nas horas de monitorado, que ascenderán a 5.960 horas anuais, o que supón un aumento de 1.250 horas respecto á oferta anterior. Ademais, a empresa comprométese a investir 45.000 euros en melloras das instalacións ao longo da duración do contrato, así como a destinar 8.500 euros anuais en publicidade para promover as actividades.



Inclúe non só a administración técnica e administrativa da piscina, senón tamén o mantemento das instalacións que abranguen o ximnasio, as zonas axardinadas e outros espazos asociados. Entre as responsabi-

dades destacan a conservación da maquinaria, a atención ao público, a limpeza, o coidado dos vestiarios e a supervisión técnica e operativa.

Non haberá cambios no custo das entradas esporádicas, que seguirán sendo de 3 euros sen límite de tempo. Os abonos tamén se manterán: 18 euros ao mes para maiores de 65 anos, 25 euros no caso do abono individual con ximnasio e 35 euros para o abono familiar, independentemente dos membros.

A oferta de actividades inclúe cursos de natación ata cinco días á semana, preparación física para oposicións con adestrador persoal e natación para bebés. Tamén se engaden novos servizos como masaxista, fisioterapia e podólogo.

O Concello reparte composteiros de balde aos veciños

O Goberno local da Pastoriza anunciou a dispoñibilidade de composteiros domésticos para os veciños interesados.

A solicitude deberá realizarse de forma presencial nas instalacións do Concello. A organización advertiu que as unidades son limitadas, polo que recomenda solicitar os composteiros canto antes. Unha vez pechada a listaxe de solicitudes, informárase das datas de entrega.

Esta iniciativa busca promover a compostaxe doméstica e fomentar prácticas sostibles na comunidade.

VIOLENCIA DE XÉNERO



O debuxo de Iria Álvarez Díaz, co lema NON máis golpes, NON máis silencio, foi o gañador do II Concurso de Imaxes ou Debuxos contra a Violencia de Xénero do Concello da Pastoriza, tras recibir un total de 442 me gusta. Durante estas vacacións de Nadal a gañadora e a familia foi recibida no Concello para entregarlle o seu premio.



O PP defende ante os gandeiros a rebaixa da protección do lobo

“O Goberno de Sánchez non ten intención de rebaixar o status de protección do lobo e, ademais, deriva aos seguros agrarios”, segundo afirman os senadores do PP lucense -José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano- tras coñecer a resposta oficial a preguntas formuladas no Senado.

Os senadores expuxeron nunha reunión celebrada na Pastoriza con alcaldes e portavoces das comarcas da Terra Chá e A Mariña e con gandeiros afectados polos ataques do lobo as explicacións do Goberno de Sánchez á pregunta formulada para coñecer se tiña intención de retirar o lobo da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (Lesrpe) en consonancia coa Unión Europea (UE) que vén de aprobar a rebaixa do seu nivel de protección de ‘estritamente protexido’ a ‘protexido’.

Así, o Grupo Popular reclamará dende o Senado ao Goberno de Sánchez que retire o lobo da Listaxe

de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (Lesrpe), que revise a súa estratexia adecuándoa aos datos do censo actuais e que se aprobe unha nova co consenso das comunidades autónomas.

Polo tanto, reclaman ao Goberno de Sánchez que “rectifique e deixe de poñer trabas administrativas ao control da especie para garantir o equilibrio entre a súa protección e a actividade gandeira, tal e como demanda o sector”. E inciden en que “á vista da importante participación nesta convocatoria, se trata dun tema que preocupa aos gandeiros e gandeiras”.

Os senadores piden que “o Goberno de Sánchez deixe de dar as costas aos lucenses. E, máis concretamente, aos gandeiros e gandeiras que se vén afectados polos ataques desta especie causando danos e baixas irreparables entre os seus animais e, polo tanto, perdas económicas na súa actividade.

pol

A vila acolle o 11 unha xornada de caza feminina

O municipio de Pol converterase unha vez máis no epicentro da caza feminina galega coa celebración da terceira edición da Batida Feminina, que terá lugar o vindeiro 11 de xaneiro. Este evento, que xa gañou un lugar especial nos corazóns das participantes, reunirá mulleres cazadoras de toda Galicia e da veciña Asturias, reforzando os lazos de amizade e colaboración entre ambas comunidades.

A xornada, organizada pola Técor Societario de Pol e coa colaboración da Federación Galega de Caza en Lugo, comezará ás 08:00 horas cunha re-

cepción e almorzo no bar Abuide, en Mosteiro. A continuación, ás 08:45 horas, iniciarase a saída aos rastros. Ás 12:00 horas ofrecerase un pincho monteiro no caseto da Carballeira, tamén en Mosteiro, seguido do comezo da batida ás 13:00 horas. Para finalizar a xornada, ás 18:00 horas celebrarase un xantar de clausura. Este encontro pon de manifesto que a caza é moito máis ca unha actividade deportiva: é unha oportunidade para fortalecer o traballo en equipo, fomentar vínculos de compañeirismo e, sobre todo, gozar da natureza e dunha experiencia única en boa



compañía.

A Batida Feminina de Pol segue consolidándose como un evento referente no calendario da caza galega, destacando a importancia da participación feminina no sector e promovendo un espírito de unión e respecto polo medio.

Rúa Campo de Puenta 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOs Obradoiro Doce



O actor galego Luis Tosar, entre os nominados aos premios Goya 2025

O actor cospeités Luis Tosar vén de ser nominado como Mellor actor de reparto na 39 edición dos Premios Goya pola súa interpretación no filme *La infiltrada*, o que podería significar para o actor a súa cuarta estatuilla.

Ademais, a actriz coruñesa Lucía Veiga está nomeada como Mellor actriz revelación por *Soy Nevenka*, na que é a súa primeira candidatura nestes premios. Previamente xa estivera nomeada aos Premios Feroz polo seu papel na serie *Rapa*.

Outro galego nomeado é Carlos Amoedo, que opta a Mellor dirección de produción por *Segundo premio*.

A película máis nominada é *El 47*, cun total de 14 candidaturas, seguida precisamente de *La infiltrada* que ten 13.

En terceiro lugar, *Segundo premio* ten 11 candidaturas, mentres que *La habitación de al lado* conta con 10, *La Virgen Roja* con 9, *Casa en flamas* y *la estrella azul* con 8 e Marco con 5.

Remata o Mercado de Nadal de Muimenta coa elección dos gañadores

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, informa de que entre os pasados 1 de decembro e o 5 de xaneiro, tivo lugar a XVI Mercado de Nadal – 2024, onde se repartiron 18.900 rifas entre os clientes que tiveron os vinte e seis negocios que participaron nesta edición.

O premio gordo da lotería de Reis celebrado no día de onte recaeu no número 78.908. Polo tanto, as dezanove papeletas que se repartiron, rematadas en 908, son agraciadas, cun vale de 100 euros a cada unha delas. Os agraciados teñen que poñerse en contacto, ata as 23:59 horas do vindeiro mércores 15 de xaneiro, cos negocios que repartiron as papeletas gañadoras ou cos membros das Xunta Directiva para facer efectivo os correspondentes vales. Todos os que se presenten a partir dese día serán declarados nulos.

A entrega de premios, terá lugar o xoves 16 de xaneiro, a partir das 20

horas, na casa da cultura de Muimenta. Os dezanove premios teñen que gastarse antes dun mes nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial de Muimenta. En total, suman 1.900 euros. Os vales só se poderán facer efectivos unha vez que se produza a súa entrega oficial, nunca antes.

CURSO. O sábado 18 de xaneiro, a casa da cultura de Muimenta será o escenario dun curso de formación en Hixiene Alimentaria e Manipulación de Alimentos, organizado pola Moexmu. A actividade desenvolverase en horario de mañá, entre as 09:30 e as 13:30 horas, e está especialmente dirixida a persoas interesadas en mellorar os seus coñecementos neste ámbito.

A participación no curso é totalmente gratuíta, aínda que é necesario inscribirse previamente. Para anotarse, as persoas interesadas deben dirixirse á Mercería Teresa de Muimenta.

O pregoeiro da XLI Moexmu será Ricardo José Durán Rodríguez

A XLI Moexmu de Muimenta, que se celebrará os vindeiros 4, 5 e 6 de abril do 2025, xa ten pregoeiro: Ricardo José Durán Rodríguez.

Este profesional, nado en Ferrol no ano 1975, é licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña. Especializado en Dereito Administrativo, durante 8 anos (2001-2009) exerceu como profesor de Dereito Administrativo no grupo Academia Postal, no seu centro de Santiago de Compostela, polo que pasaron miles de alumnos, moitos dos cales ao día de hoxe ocupan cargos de relevancia na Xunta de Galicia.

Tras este período, foi asesor de Vicepresidencia da Xunta de Galicia durante 4 anos e medio (2009-2013), sendo unha das súas funcións a supervisión da Fundación Semana Verde de Galicia, entidade que pasou a dirixir en decembro de 2013, polo que se fan 11 anos desde aquela data.

Ademais de solucionarse problemas históricos do recinto (débedas coa empresa construtora do recinto e co Concello de Silleda), desde a súa chegada ao posto de director os números da Fundación cambiaron totalmente. Así, por exemplo, a facturación da entidade feiral pasou de 1,7 millóns de euros en 2013 a 4,3 millóns en 2023, o que supuxo un 153 % máis de facturación.

Tamén respecto a hai unha década, o número de eventos celebrados na Feira Internacional de Galicia ABANCA multiplicouse exponencialmente, pasando de 6 eventos maiores en 2013, a 23 en 2023, chegando a 27 no ano 2021. Un dos datos máis destacados é a recuperación da Central Agropecuaria de Galicia Abanca, é dicir, o mercado de gando que todos os martes acolle a Feira Internacional de Galicia Abanca, e que pasou de 16 millóns en transaccións económicas, aos 36 millóns actuais de leste mesmo 2024.

Actualmente, Ricardo Durán é tamén presidente da Asociación Galega de Feiras e Eventos (AGAFE) e vicepresidente da Asociación Nacional de Mercados de Gando (ASEMGA), chegando a ser no seu momento, presidente da Asociación Europea de Mercados de Gando (AEMB).

CAIXA RURAL. Tamén tivo lugar nas oficinas centrais en Lugo de Caixa Rural Galega, en Montero Ríos, a entrega dun pin e diploma en agradecemento á colaboración que dita entidade financeira mantén coa organización da Mostra Exposición de Muimenta. Este é un dos actos que se engloban na celebración do 40 aniversario da Feira Multisectorial.



Apoio á Moexmu e á Feira da Filloa da Xunta

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reuniuse co coordinador da Moexmu e da Feira da Filloa de Muimenta, José Manuel Rus, a quen lle reiterou o apoio do Goberno galego a estes dous eventos, que se celebrarán en abril e maio do vindeiro ano, respectivamente.

Arias aproveitou para felicitar á Mostra Exposición de Muimenta polos premios que recibiu recentemente, entre eles o primeiro premio na categoría de Proxectos relacionados co ámbito agrogandeiro que lle foi outorgado este mesmo mes de decembro nos XV Premios ao Desenvolvemento Rural, que concede a Axencia Galega de Des-

envolvemento Rural (Agader).

De igual xeito, trasladoulle a José Manuel Rus o agradecemento polo diploma recibido en recoñecemento ao apoio que o Goberno galego ten prestado á organización da feira multisectorial ao longo dos seus 40 anos de historia.

¡O delegado territorial louvou a relevancia da Moexmu, “unha das feiras decanas de Galicia, que combina tradición e innovación e que conseguiu converterse nunha referencia anual tanto para profesionais como para público en xeral interesado no sector agrogandeiro, dando visibilidade ao medio rural e contribuíndo á dinamización económica e social de toda a comarca”.

“O noso proxecto máis próximo será posiblemente facer outra ampliación”

Juan Carlos Penelas Fernández é o xerente de Reparaciones Carlos de Xermar, en Cospeito

Máis de 15 anos avalan a Reparaciones Carlos, empresa do sector automotriz, situada na localidade de Xermar, en Cospeito. Esta empresa está centralizada na reparación de maquinaria, incluído chapa e pintura, pero tamén en todo tipo de problemas mecánicos, para diferentes motores, e tamén nos complementos como a electricidade e electrónica ou o aire acondicionado. Está especializado en 4x4 e enfocados no cliente e en optimizar resultados de cada un dos traballos que realizan.

Á fronte deste negocio cospeitéis está Juan Carlos Penelas Fernández, que lidera un equipo multidisciplinar de profesionais de primeiro nivel cunha sólida reputación na comarca.

Reparaciones Carlos conta con dúas liñas de negocio. Pode explicarnos un pouco en que consiste cada unha delas?

Si, contamos con dúas liñas que tamén están relacionadas. Nunha delas levamos a Marca Husqvarna Bosque y Jardín para dar sustento á zona de maquinaria de xardín e



forestal. Neste apartado intentamos ser competitivos en prezos e en tempo de reparación. Na outra liña dedicámonos á reparación en xeral, por un lado reparamos turismos e furgonetas sendo ademais especialistas en todo terreo 4x4 xa que eu me dediquei desde os meus comezos a reparar este tipo de vehículos. Ademais, reparamos maquinaria agrícola e industrial de todo tipo, ao que engadimos,

como non podía ser doutro xeito, maquinaria de xardín e motoseerras.

Como e cando xurdiu a idea de crear este negocio?

A idea de crear este negocio vén desde sempre. Era o meu soño, unha meta que quería conseguir, e ao final con constancia e tesón puíden conseguilo.

Amplíouse ao longo dos anos?

Si, empezamos nun local peque-

ño aló por febreiro de 2010. Despois, no 2016 xurdiu a idea de ampliar chegando a inaugurar a nave que temos agora o 5 de novembro de ese ano.

Por que se escolleu Cospeito?

Eso foi por dúas razóns moi claras, unha porque eu son dos que pensan que o medio rural se non hai quen mire por el morrerá, e a outra porque tiña o obxectivo de ser útil para a miña comarca.

Cal é o sinal de identidade de Reparaciones Carlos?

É difícil definir un único punto, pero creo que máis destacado é a ampla variedade que temos nas distintas liñas de reparación.

Cal é o produto máis vendido no sector do bosque e xardín?

Aquí non sabes nunca cal vai ser, depende un pouco, en outono as motoseerras, na primavera cortacésped e desbrozadoras, e todo o ano os robots cortacésped.

Cales son as particularidades que teñen?

Penso que un pouco a calidade que nos dá a marca coa que traballamos, con todas as posibles avarías que podan ter non deixan

de ser moi fiables.

No relativo ás reparacións, cales son as máis solicitadas?

No tema de reparacións, un pouco as que podería destacar como son as avarías un pouco raras, xa que é raro que non nos teñamos que pelexar con algunha todas as semanas.

Actualmente con cantos empregados conta?

Hoxe en día conto con catro empregados, ademais da miña muller e máis eu.

Cales son os proxectos de futuro máis inmediato?

Pois o proxecto máis próximo, seguramente, sexa facer outra ampliación. Andamos dándolle voltas á cabeza sobre como imos organizalo e que liñas seguiremos desenvolvendo.

Como está actualmente este sector en Galicia?

O sector en Galicia vexo bastante ben no que toca a traballo, traballo non nos falta, pero referente aos traballadores percíbese moita falta de man de obra cualificada, pero vexo que os demais sectores tamén están parecido, entón a solución está en botarlle algo de paciencia.

Xermar, 2, baixo, 27377

982 503 356/ 660 476 319

www.reparacionescarlos.com

A Xunta licita as obras da estrada LU-113 na súa unión con Abadín

A Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitou por un importe de 3.584.987 euros as obras de reforzo do firme nas estradas autonómicas LU-113, no seu percorrido polos municipios de Cospeito e Abadín, e na LU-530, ao seu paso polo concello de Lugo e de Castroverde.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia recolle esta contratación, establecendo como prazo ata o vindeiro 27 de xaneiro para que as empresas interesadas poidan presentar as súas ofertas. O prazo de execución das obras fíxase en 6 meses.

De xeito máis concreto, na estrada LU-113, actuarase nun tramo de algo máis de 12,6 quilómetros de lonxitude, entre os puntos 10+000 e 20+180, no municipio de Cospeito; e desde o punto quilométrico 20+180 ao 22+780, xa no concello de Abadín.

Na LU-530, intervívase nunha lonxitude total de 16,4 quilómetros.

Neste caso actuarase no treito que vai desde o quilómetro 3+600 ao 12+640, no seu percorrido polo municipio de Lugo; e no treito que continúa desde o punto 12+640 ao 20, no concello de Castroverde.

As actuacións teñen como obxecto a rehabilitación localizada do firme mediante o fresado e a reposición da capa de rodaxe, coa finalidade de mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas dúas estradas, completado as obras co repintado das marcas viarias.

As intervencións obxecto deste contrato non implican a realización de expropiación algunha, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

O departamento que dirixe Allegue continúa a traballar para manter as vías de titularidade da Xunta nas mellores condicións e para garantir a seguridade viaria aos usuarios, destinando este ano 68 millóns de euros á súa conservación.

Presentadas as obras do Certame de Poesía Torre de Caldaloba

Días despois do fallo e entrega do VII Certame de Poesía Torre de Caldaloba, presentáronse no Museo das Aves de Cospeito as obras premiadas na edición VI, de 2023. Este certame está convocado polo Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ.

O xurado de dito certame concedera o primeiro premio á obra *Non deixedes na mesa nin leite nin pan*, de Xurxo Alonso García por “ser un poemario onde a palabra xorde como unha fervenza que escorra polo regueiro da ausencia”.

E o segundo premio recaeu na obra *Vaira e Cristal*, de Paulino Peña Álvarez, da que dixo o xura-



do que se trataba “dun poemario en verso breve que destaca pola capacidade de entregar ao lector unha memoria aínda intacta de vivencias pasadas, grazas tamén á eficacia dunha linguaxe culta e

refinada”.

O xurado estivo composto por Armando Requeixo, Maurizio e Xosé Otero Canto, actuando como secretario, con voz mais sen voto, Martiño Maseda.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
 Tlf 982 523 649 – 982 523 601
 619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

Rábade

Os dous voceiros da oposición, en IR e PSOE, foron membros do Goberno local en anteriores lexislaturas

IR

Rábade foi un dos concellos que deu un cambio de dirección nas últimas eleccións pasando a ser dirixido por Remedios González Cabarcos, do PP, que derrotou a coalición formada por Independentes por Rábade (IR) e PSOE, que gobernou nas anteriores lexislaturas. Deste modo, o que foi alcalde durante 24 anos, Francisco Fernández Montes, é agora o voceiro do principal partido da oposición. Afirmo que non lle costou en absoluto cambiar o papel. “Antes de ser alcalde estiven 4 anos na oposición, e constoume máis facer o cambio ao revés. Aínda así, adáptome ben ao papel que me toca xogar. O importante é ter a opción de traballar polos teus veciños, tanto desde o Goberno como desde a oposición”.

Por isto, para el a política non supón un sacrificio, “as veces si sentes unha especie de impotencia no feito de que hai cousas que ves que están mal feitas pero non tes opción a cambialas e tes que aguantalas porque a democracia é así e así debe ser. Cousas como que te poñan os plenos polas mañás, dificultándote que non podas ir e non podas facer o teu labor. Iso é sacrificado pero forma parte do xogo democrático”.

Considera que a esencia da política está na local “de feito desconfío dos políticos, sexan do partido que sexan, que non estiveron antes na primeira liña da política local, porque sexas oposición ou Goberno, todo son beneficios porque loitas polo teu pobo e polos teus veciños”.

Fernández Montes afirma que de feito os seus obxectivos políticos quedaron cubertos no ano 99, cando accedeu ao Goberno de Rábade, “non teño máis obxectivos políticos que eses. Axudar a Rábade e nada máis”.

Chegou á política por azar, despois de formar parte da organización das festas de Rábade, un enfrontamento co equipo de Goberno daquela



época levouno a situarse en primeira liña da oposición “e despois todo foi seguir nesa liña”.

Xa no papel actual como membro da oposición considera o exalcalde que o papel que ten agora “ten dúas partes, nunha manter informados aos veciños do que fai o equipo de Goberno, mirado desde o punto de vista da oposición”, e por outra parte, propoñer alternativas e propostas á actividade que realiza o Concello”.

Mantén tamén unha serie de ideas que son as que considera mellor para a súa vila. As principais liñas do programa pasan porque “Rábade precisa dun Plan Xeral, precisa dun respecto democrático a todas as persoas, non se pode permitir un goberno que se dedica aos seus intereses persoais esquecéndose dos intereses públicos. Ademais, Rábade está perdendo unha oportunidade de promocionarse como vila no seu centenario; está perdendo un tempo precioso nun desenvolvemento dun polígono industrial que estes anos foi para arriba. O Goberno local está dando paus de cegos porque non sabe para onde vai. Tamén fai falta un parque infantil na avenida de Vilalba, un proxecto que xa había e que o Concello pasou del, e necesítanse tamén melloras en limpeza viaria”.

PSOE

Unha situación similar foi a de Alejandro Martínez Campos, que foi tenente de alcalde tamén varios anos.

Interesado desde sempre na política forma parte da Corporación desde 2011 aínda que xa se presentou no 2007.

Explica como foron os seus inicios na política, para “botar unha man a Juan Carlos e Miguel, que eran as cabezas visibles do proxecto e baixo a miña opinión, Miguel era, e segue sendo, o mellor alcalde que puido e pode ter Rábade, por iso decidín formar parte da lista e do partido”.

Como a súa sintonía coa política é de sempre non considera que o seu traballo teña sacrificios, “xa que o fago todo con gusto, e o beneficio está en lograr que Rábade sexa un lugar con máis calidade de vida”.

Para el, o cambio de estar á fronte do

Concello a estar na oposición non o ve importante: “Non fai falta cambiar moito o chip xa que nós seguimos a traballar para mellorar Rábade aínda que sexa sen a responsabilidade que tiven nas anteriores lexislaturas”, explicou. Para el agora o seu papel pasa por “mellorar Rábade, intentar axudar no que se poida, sempre que sexa acorde á legalidade”. Para iso ve como o camiño principal “ escoitar aos veciños e intentar traer investimentos públicos para Rábade”.

Para o partido que segue a dirixir, as principais liñas do programa están en “conseguir solo industrial nos terreos do vello cuartel que conseguimos recuperar para Rábade na anterior lexislatura e financiar unha área deportiva e cultural grazas á venda deses terreos; o novo contrato da limpeza; a creación dun parque na avenida de Vilalba; a iluminación do pobo, xa que esta moi deteriorada, e a regulación do tráfico, xa que hai rúas como Bautista Núñez, que sofren a circulación de tráfico pesado cando xa hai unha alternativa. Tamén apostamos pola mellora da calidade da auga, que pasaría entre outras cousas polo arranxo da avenida de Vilalba, con titularidade da Xunta de Galicia, que cobra o canon pero non inviste en Rábade”.

PSOE: “O noso papel está en mellorar Rábade, intentar axudar no que se poida, sempre que sexa acorde á legalidade”



IR: “Sexas oposición ou Goberno, todo son beneficios porque loitas polo teu pobo e polos teus veciños”

DATOS

HABITANTES: 1.503.
PARROQUIAS: 1.
EXTENSIÓN: 5,2 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP, 3 de IA e 1 do PSOE.
ALCALDESA: Remedios González Cabarcos, do Partido Popular.
VOCEIRO PSOE: Alejandro Martínez Campos.
VOCEIRO IR: Francisco Fernández Montes.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS



Bola Meiga avanza as datas do Máster de fútbolín do centenario

A Asociación Cultural e Deportiva Bola Meiga organiza o XXVI Gran Máster Nacional de Fútbolín do Centenario, un evento que terá lugar os días 17, 18 e 19 de abril de 2025 na vila de Rábade, coincidindo coa conmemoración dos 100 anos de historia como municipio independente.

Desde a organización quixeron destacar a importancia desta cita para os afeccionados de toda España, facendo especial fincapé no orgullo local e na participación activa da comunidade. Con lemas como Viva Rábade! e Rábade, terra de fútbolín e de moita vida!, o evento promete ser unha verdadeira festa do fútbolín e un gran escaparate do dinamismo cultural e deportivo da vila.

Ademais, desde Bola Meiga quixeron aproveitar para desexar un feliz e próspero 2025 a todos os participantes, colaboradores e veciños, convidando a todos a sumarse a esta celebración única na historia de Rábade.

O evento estará marcado por competicións, encontros e actividades relacionadas co mundo do fútbolín, convertendo Rábade nunha referencia para os amantes deste deporte durante as datas sinaladas.



CEGAS DE NADAL. A localidade de Rábade acolleu a VI edición do Cegas de Nadal, organizado pola Peña Fútbolín Bola Meiga, consolidándose como un dos torneos máis destacados no calendario deportivo do fútbolín.

Os grandes vencedores desta edición foron a parella formada por Álex e Héctor, que se alzaron co título tras unha emocionante final. O segundo posto foi para Javito e Kevin, mentres que o terceiro e cuarto posto recaeron nas parellas de Asier e Joel e Lage e Cobo, respectivamente.

Na segunda ronda de cegas, a vitoria foi para Lolo e Álex Ponfe, seguidos de Cristian e Xoel Iglesias, que aca-

daron o subcampeonato. O terceiro posto nesta categoría foi para Ángel e Marfer, mentres que o cuarto foi para Raúl P e Asier.

O evento tamén destacou polo sorteo do seu Premio Especial Papyrus, outorgado a Diego Rodil, e que consistiu nunha cesta de Nadal.

Ademais, sorteáronse dúas inscricións gratuítas para o esperado XXVI Máster de Rábade, no que participarán os xogadores Morandeira, Diego, Ferreira e Ángel.

Con gran asistencia de público e unha notable organización, este torneo reafirma a tradición e paixón polo fútbolín na comarca, consolidando Rábade como un referente neste deporte.

Ofrenda en homenaxe a Evangelista Rey Galán



O Concello organizou unha emotiva homenaxe a Evangelista Rey Galán, co gallo do 70º aniversario do acto heroico que lle custou a vida mentres salvaba un neno de dous anos dun tren. O acto conmemorativo, que se celebrou no lugar onde Evangelista realizou o seu xesto altruísta, contou coa participación da alcaldesa de Rábade, Reme González, quen depositou un ramo de flores na cruz recentemente restaurada. Neste

xesto simbólico estivo acompañada pola súa tataraneta.

Tamén participaron familiares de Evangelista, así como descendentes do neno que salvou hai 70 anos, xunto coa súa viúva, irmáns e sobriños. A homenaxe destacou polo seu carácter próximo e significativo, un recordatorio da importancia de manter viva a memoria daqueles que, coa súa valentía, deixaron unha pegada imborrable na comunidade.

Un mozo de Rábade resolve en tempo récord un videoxogo de aventuras ambientado en Allariz

O mozo rabadense Santiago García Carreira vén de gañar 20.000 euros ao resolver en tempo récord un videoxogo de aventuras ambientado en Allariz.

A vila converteuse no escenario perfecto para unha aventura onde cada recuncho, cada rúa empedrada e cada detalle histórico foron pezas clave para resolver o gran enigma.

Para participar nesta aventura gráfica tan só era preciso ter acceso a un ordenador e cinco euros. Non era necesario ser un experto, como así demostrou Santiago, que era a primeira vez que participaba nunha iniciativa deste tipo na que o máis complicado é poñer a proba a capacidade de dedución e resolver os enigmas máis complexos.

O xogo forma parte da saga Tristán Téllez e era a segunda vez que se disputaba. A primeira tivo como escenario o mosteiro de Santa Cristina, no Concello de Parada de Sil. Desta volta, presentáronse concursantes de toda España e foi este programador informático natural de Rábade o que se fixo co premio en tan só unha hora e 53 minutos.

O reto non consistía en resolver o enigma senón en ser o primeiro en facelo. Na anterior convocatoria o gañador tardou 11 horas en facerse co obxectivo.

Tristán Téllez é un xogo interactivo baseado na novela homónima onde



se fusionan literatura, análise crítica da actualidade, coñecementos e promoción turística.

Neste segundo capítulo recreouse dunha maneira pioneira a vila de Allariz, levándoa a un motor de xogo e permitindo así utilizala como escenario principal da segunda entrega de Tristán Téllez.

Este xogo e a súa dinámica, creada polo ourensá Javier Cid Romero, ármase grazas a financiamento do Goberno de España, xunto ao Ministerio de Cultura mediante o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia que apoia a NextGenerationEU.

O seu creador defíneo como unha iniciativa innovadora apoiada por fondos públicos e unha proposta que ofrece diversión, coñecemento e un gran premio para o mellor.

O Concello reparte os premios do concurso de postais

O Concello de Rábade deu a coñecer os gañadores e gañadoras do Concurso de Postais de Nadal deste ano, no que participaron nenos e nenas de diferentes idades divididos en varias categorías.

Os premiados foron, entre os menores de 5 anos, para Leire Beciero Quijada, Naia Beciero Bouso e Gabriel Fernández Sanmartín. Na categoría de 7 a 9 anos gañou Yanira Casanova Rábade (7 anos) seguida de Antón Devesa Lage (8 anos) e Area Barreiro Barja (9 anos).

Finalmente, no grupo de idade de 10 a 13 anos o primeiro premio foi para Iván Jesús Río Pernas (13 anos), seguido de Ariadna Fernández Méndez (10 anos) e Marcos Vanelus Ciocan (12 anos).

A entrega de premios terá lugar o día 26 de decembro ás 17:00 horas no centro sociocultural de Rábade. O Concello felicitou a todos os participantes e agradeceu a súa implicación, destacando a calidade e creatividade das postais presentadas.

Políticos e empresarios únense á espera de que o Goberno de España amplíe o polígono

A alcaldesa de Rábade, Remedios González, xunto con representantes dos empresarios do polígono de Rábade, reuníronse cos senadores do PP pola provincia de Lugo, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, que explicaron o acordo adoptado no Senado de España trala aprobación dunha iniciativa do Grupo Popular para esixir ao Goberno de España a posta en marcha das medidas necesarias para ampliar o polígono e acometer un novo acceso dende a N-VI, pola rúa Galicia.

Así, os populares argumentaron que a proposta "ten como obxectivo dotar de maior solo industrial a un polígono cunha localización estratéxica, así como mellorar a súa accesibilidade, conectividade e eficacia loxística". Por isto, o presidente da Asociación de Empresarios do

Polígono Industrial de Rábade (AE-PIR), Luis Iglesias, trasladou a súa satisfacción polo acordo en nome dos empresarios.

"Trala aprobación do acordo no Senado, "faremos seguimento do acordo e agardamos que o Goberno de Sánchez mova ficha, toda vez que é a administración competente ao ser un polígono promovido e xestionado por Suelo Empresarial del Atlántico (SEA) participado pola entidade estatal do solo SEPES, dependente do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana", apuntan os senadores. González incidiu en que "a ampliación a través da 4ª fase contribuiría a atraer máis actividade empresarial" e manifestou que "o Concello está disposto a ceder os terreos limítrofes", así como apela á "vontade colaboradora das distintas administracións".

TERRA CHÁ

O GES de Friol realizou máis de mil intervencións desde o inicio

O Concello de Friol é o encargado de albergar a sede de operacións do GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipal) de Friol-Palas. Esta sede está situada no polígono empresarial friolés, en unha das naves do edificio multiusos de propiedade municipal. Este grupo, que está formado por 12 profesionais, da cobertura a este municipio e aos de Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei.

O GES empezou a dar servizo no verán do ano 2022, e dende o inicio, está supervisado e organizado no seu día a día polo concelleiro de Friol Enrique Barreiro.

A Xunta de Galicia financia este servizo con uns 300.000 euros anuais, sendo coñecedora da importancia que ten o GES para os concellos que forman parte del.

Desde que se puxo en marcha, os profesionais que conforman este grupo de emerxencias tiveron que realizar máis de 1.000 intervencións en todos os municipios do territorio de acción. Durante o rematado ano

2024 actuaron nun total de 251 casos, divididos en distintos tipos de intervencións e tamén entre todos os municipios que conforman este grupo.

Se diferenciamos por concellos, cabe salientar que no de Friol realizaron un total de 77 intervencións, no concello que mais actuacións tiveron, e que foron distribuídas do seguinte xeito: trece saídas para intervir en accidentes, trinta e catro saídas relacionadas con fenómenos meteorolóxicos, once intervencións relacionadas coa fauna, nove saídas por culpa das velutinas, catro incendios, dúas saídas relacionadas con verteduras, e tamén catro saídas de outros tipos. No concello no que menos intervencións tivo que facer este grupo de emerxencias foi no de Palas. Tiveron que realizar tan só 13 intervencións, que foron relacionadas con un accidente, fenómenos meteorolóxicos, fauna, incendios, e outros motivos. O segundo concello con menos intervencións realizadas por parte

do grupo foi o de Guitiriz. En este realizaron un total de 34 intervencións, relacionadas con accidentes, con fenómenos meteorolóxicos, coa fauna, coas velutinas, con incendios, con unha vertedura e con outros motivos.

No Concello de Outeiro de Rei realizaron un total de 45 intervencións, entre actuacións relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, verteduras e outros.

Algo máis actuaron no concello de Begonte, no que realizaron un total de 54 intervencións, entre actuacións relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, verteduras e outros.

En outros concellos que aínda que non forman parte do territorio de acción, si tiveron que actuar e tamén tiveron algunhas intervencións, 28 en total, entre as que tiñan que ver con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, velutinas, incendios e outras.



Os tipos de actuacións nos que máis tiveron que intervir durante o pasado 2024 foron as relacionadas con fenómenos meteorolóxicos e con accidentes.

Para levar a cabo todas estas actuacións, 251 en total, o GES conta con diversos vehículos, con unha motobomba urbana, vehículo motobomba forestal, un vehículo de emerxencias, un vehículo de transporte, equipos de eliminación de velutinas, equipos de excarceración e outros equipos necesarios para realizar o seu traballo cada día, do mellor xeito posible.

O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, indica que “este grupo da un servizo moi importante e necesario e que se

converteu en básico para todos os municipios que estamos dentro de este GES Friol-Palas, o que fai que os tempos de intervención en caso de emerxencias se vexan reducidos considerablemente”, ademais resalta que “quero agradecer a implicación de todos os traballadores, así como a súa profesionalidade que veñen de demostrar no día a día, grazas a elo somos un grupo que cumpre perfectamente co seu cometido e que destaca ante calquera tipo de emerxencia, tamén agradecer o apoio da Xunta de Galicia, que nos permitira poder contar coa sede de este servizo en Friol, e polo financiamento anual tan importante que recibe este GES”.

Consolídase o SAT de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade

O Servizo de Atención Temperá (SAT) dos concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade continúa medrando e consolidándose como un recurso esencial para a poboación infantil de 0 a 6 anos e as súas familias, cun impacto crecente e melloras significativas nos indicadores estruturais de actividade e resultados. As familias valoran moi positivamente tanto as instalacións como os recursos do servizo, en aspectos como a adecuación das salas, o estado do material e a privacidade. Ademais, a accesibilidade do servizo é excelente, ao igual que a dispoñibilidade, atención presencial e resposta ás demandas.

“Este nivel de satisfacción confirma que o SAT proporciona un entorno óptimo e adaptado ás necesidades das familias, xa que os indicadores de actividade reflicten un crecemento significativo no volume de intervencións e servizos”, destacan.

Así, en 2024, realizáronse 3.869 prestacións individuais, un incremento notable respecto a anos anteriores. O mesmo ocorre coas sesións de valoración e apoio, que aumentaron progresivamente, cunha mellora especialmente destacable nas sesións de valoración, que case se dupli-

caron entre 2021 e 2024 (de 242 a 474).

Ademais, os Plans Personalizados de Intervención (PPI) pasaron de 36 en 2021 a 132 en 2024, evidenciando un enfoque máis individualizado. Estes datos, xunto co aumento das accións comunitarias e as sesións de seguimento, amosan a capacidade do servizo para responder a unha demanda en constante evolución.

En termos de alcance, o SAT logrou atender a 146 nenos e nenas desde o 8 de setembro de 2020, o que supón un 31,3% da poboación total de 0 a 6 anos nos cinco concellos segundo os últimos datos do INE (466 nenos en 2022). Só en 2024, o servizo chegou ao 16,95% da poboación infantil desta franxa de idade, cunha cobertura particularmente destacable en Friol (23,28%) e Begonte (17,28%). Este impacto é aínda máis notable tendo en conta que a idade media dos nenos atendidos é de 38,05 meses, o que reflicte unha intervención no momento crítico para o desenvolvemento.

No que respecta aos perfís diagnósticos, destacan os trastornos de comunicación e linguaxe, que representan o 40,45% dos casos, seguidos polos trastornos de regulación

e comportamento e os trastornos emocionais. Estes datos confirman que o SAT está a abordar unha ampla diversidade de necesidades, incluíndo casos máis específicos como os do espectro autista ou problemas de desenvolvemento motor.

Así mesmo, o servizo atende unha porcentaxe significativa de nenos con discapacidade e/ou dependencia, reforzando o seu papel esencial na atención a situacións complexas. En conclusión, o SAT dos concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade é un servizo “ben estruturado, altamente valorado polas familias e cun impacto crecente na súa área de influencia”, defenden desde o Concello de Friol.

O incremento da cobertura, a diversidade de perfís atendidos e a mellora nos indicadores de actividade e resultados confirman a eficacia do servizo, que segue evolucionando para responder ás necesidades da comunidade. Entre os retos futuros destaca a importancia de reforzar a detección precoz en idades temperás e manter o nivel de calidade e accesibilidade, garantindo que o SAT continúe a ser un recurso imprescindible para o desenvolvemento integral da infancia.

EN BREVE



QUEIXO E MEL. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, fixo entrega de premios da XXVII Cata dos Queixos e da XXIII Cata dos Meles de Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela e que organiza a Xunta en colaboración cos consellos reguladores. Nesta edición, a provincia de Lugo tivo unha gran representación nas dúas catas con premios na de queixos para empresas de Vilalba, Castro de Rei, O Páramo e Chantada. Na categoría de meles destacaron as do Valadouro, Alfoz, O Corgo e Outeiro de Rei.



UNED. Celebrouse na Coruña a entrega de diplomas ao alumnado dos concellos de Xermade, Guitiriz, Monfero, Paderne, Lousame e Brión que participa no Programa UNED Sénior. A este acto, organizado polo Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia, acudiu o alcalde xermadés, Roberto García Pernas, acompañando á veciñanza do municipio e de outras autoridades.

DEPUTACIÓN

O Plan de Cooperación cos Concellos sobe aos 22 millóns

O Goberno provincial da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario de decembro as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2025, que decidiu subir ata os 22 millóns de euros, seguindo criterios públicos e obxectivos, como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial, e cun respecto total á autonomía municipal.

O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo, que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación, detallou, dá-lle aos concellos “total autonomía para decidir en que queren investir, achegándolles unha cantidade que se destina seguindo criterios obxectivos, cuestión que non fan outros Gobernos”, subliñou o mandatario provincial.

Pola súa parte, a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a unha maneira de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia. Nós practicamos a po-



lítica de feitos, cun reparto en base á transparencia e obxectividade”, aclarou.

Ademais, concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle chega a Deputación.

Así mesmo, o mandatario provincial detallou que esta medida “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou.

García Porto lembrou que por quinto ano consecutivo, o Executivo provincial saca adiante o plan no exercicio

anterior ao seu período de vixencia, o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor os fondos.

Por exemplo, as obras públicas poderanse executar na primavera-verán, o período do ano máis axeitado para traballar en exteriores dadas as características climáticas da provincia. Así mesmo, as bases do Plan Deputación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o día 7 de xaneiro, pasadas as datas de Nadal, o que tamén permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

Dedicaranse 300.000 euros a 51 asociacións

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión das subvencións convocadas pola institución provincial a través do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios por un importe total de 300.000 euros.

As achegas repartiranse entre 51 asociacións da provincia para a execución de obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza do rural como a mellora de redes de abastecemento, vías, locais sociais ou espazos públicos.

As achegas provinciais oscilan entre os 1.000 euros e os 6.000 euros e foron concedidas a entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións veciñais, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais de toda a provincia.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, puxo en valor que “aínda que as axudas non teñen unha gran entidade económica, si terán unha gran relevancia social para mellorar o día a día da veciñanza”. E sinalou que a Deputación pretende facer chegar aos concellos do rural os servizos que necesita, traballando da man do tecido asociativo, que é quen mellor coñece as necesidades reais de cada territorio.

Grazas a esta liña de axudas de concorrencia competitiva, estas enti-

dades poden acometer actuacións como o acondicionamento da contorna da área recreativa da Capela do Carme, en Castroverde, e a recuperación de tres fontes; mellorar captacións e reparar o abastecemento de auga en Villamane e Bidueiras, no concello de Becerreá; acondicionar o local social situado na antiga Casa Escola de Mercurín, en Folgoso do Courel; ou adecuar o camiño denominado Candevila, no concello de Friol.

A Xunta de Goberno sacou tamén adiante, por un importe de 1,5 millóns de euros, a licitación das obras da granxa de porco celta na leira Gayoso Castro que a institución provincial ten en Castro de Rei cun orzamento de 1.057.404,26 euros, uns traballos que consistirán na construción dun espazo multifuncional de máis de 1.000 metros cadrados na leira Gayoso Castro e que incluírán unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe e con capacidade máxima para 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores. O prazo de execución desta actuación será de 12 meses desde o seu inicio.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, cumpre así co seu compromiso de licitar estas obras antes de que acabe o ano para que as instalacións poidan estar funcionando no ano 2026.

Esixe á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta un plan de transporte por estrada para a provincia tras unha moción socialista que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O presidente dixo que “a Xunta ten que deixar de tirar balóns fóra, poñer as pilas e comunicar ben por bus os nosos concellos”. Nese sentido, subliñou que igual que o Estado é o responsable das grandes liñas, facendo unha similitude co tren: do AVE e os servizos de longa distancia; a Xunta “é quen ten as competencias das proximidades”.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, di que o Estado

prevé 40 millóns de euros en axudas para que as comunidades autónomas asuman as rutas da súa competencia e reprochou que a Xunta, en lugar de estar pensando en como facer o mellor uso dese investimento non asumen as súas competencias en mobilidade.

O texto da moción insta ao deseño de rutas interiores, tanto dentro da provincia como na comunicación con outros puntos da comunidade galega, garantindo a interconectividade non só entre as grandes cidades, senón tamén co rural; e complementar ese servizo cun de lanzadeiras para conectar coas rutas nacionais e internacionais.

A Deputación inviste en formación dixital para zonas despoboadas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de 750.000 euros de Fondos Europeos para desenvolver o programa Reto rural dixital do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Con esta iniciativa, que se enmarca dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, a institución provincial porá en marcha o proxecto E para dixitalizarse Lugo. Así o explicou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que o obxectivo é ofrecer formación en competencias dixitais á veciñanza da provincia.

García Porto destacou que o programa pretende “garantir a inclusión

dixital, diminuír a brecha dixital, asegurar a adquisición de competencias básicas para a cidadanía e garantir que as zonas en risco de despoboamento poidan aumentar os seus coñecementos sobre novas tecnoloxías”.

No proxecto E para dixitalizarse Lugo inclúense unha serie de accións formativas directamente relacionadas coas necesidades tecnolóxicas da sociedade actual e que irán dirixidas á adquisición de coñecementos vinculados ás TICs. Nesta liña, subliñou “a veciñanza da provincia aprenderá sobre cuestións relacionadas coa busca de emprego ou o emprendemento”.

Ademais, tamén haberá formacións de especial interese para pais e nais

“como por exemplo sobre os riscos de internet ou a dependencia dos dispositivos móbiles”. Para a poboación máis nova “temos previstos cursos de ofimática e informática básica, ciberseguridade e redes sociais” e as persoas maiores “poderán aprender sobre o uso do móbil, a banca electrónica ou ferramentas de comunicación como Whatsapp ou Telegram”.

Por outra banda, tamén foi aprobado un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais para o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) durante os anos 2025, 2026 e 2027.

DEPORTES

Ángel Herrero e Estela Díaz venceron na absoluta da San Silvestre vilalbesa

Vilalba acolleu a novena edición da San Silvestre, un evento que combina deporte, festa e diversión, logrando reunir a máis de 400 participantes en diversas categorías. A carreira, organizada polo Concello coa colaboración de clubs locais, converteuse nunha auténtica festa do deporte e do compañeirismo, onde a música, os disfraces e a animación tiveron un papel destacado.

A categoría absoluta foi dominada polo club Lucus Caixa Rural, con Ángel Herrero López e Estela Díaz proclamándose vencedores tras completar os máis de cinco quilómetros do percorrido. Herrero conseguiu cruzar a meta en 16 minutos e 35 segundos, seguido de preto polo seu compañeiro Álex Igrexia Vila. No feminino, Estela Díaz marcou un tempo de 20 minutos e 31 segundos, impoñéndose a María Carballeiro Castro e Iria Fernández.

Tamén houbo espazo para os máis novos e os veteranos, con categorías específicas que promoveron a participación de atletas de todas as idades. Ademais, os máis pequenos brillaron nas probas infantís e recibiron unha medalla como recordo polo seu esforzo ao cruzar a liña de meta. O evento rematou cunha entrega de premios, onde participaron representantes municipais como a alcaldesa Marta Rouco e o edil de Deportes. Para pechar a xornada, os asistentes gozaron dunha deliciosa chocolatada con churros, poñendo un broche doce a unha xornada marcada pola unión entre deporte e diversión.

A nova tempada de pesca continental será do 16 de marzo ao 31 de xullo

A tempada de pesca deste ano en Galicia comezará o vindeiro 16 de marzo e rematará o 31 de xullo, tal e como establece a orde anual publicada no Diario Oficial de Galicia, na que se recollen as normas xerais de pesca das distintas especies ictícolas nas augas continentais galegas. Así, no caso concreto do salmón, o período hábil abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de xullo, salvo no caso dos tramos compartidos do río Eo, e nos coutos de Betanzos e do río Ulla onde rematará o 30 de xuño. En todo caso, poderá adiantarse o remate da tempada en función das capturas.

Convocan unha nova edición da Carreira Popular de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei celebrará a VII Carreira Popular Concello Castro de Rei. A proba será o domingo 12 de xaneiro, a primeiros do ano como é tradicional, e terá saída na casa do concello e percorrido por vías da Deputación ata chegar á meta no campo da feira de Castro Ribeiras de Lea.

A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende o pavillón municipal de Castro Ribeiras de Lea ata a saída na casa do concello de Castro de Rei.

Haberá unha categoría absoluta cunha distancia de 14,8 quilómetros e despois cinco grupos máis en función da idade que percorreren dende os 0,15 quilómetros dos pitufos ata os 2 quilómetros dos sub 18. As probas de menores serán na contorna do Campo da Feira de Castro Ribeiras de Lea.

A carreira absoluta terá a súa saída ás 10.15 horas e as outras cinco probas saíran cada cinco minutos, dende os pequenos ás 12.10 ata os sub 18 ás 12.30.

Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta e para os tres primeiros da cada categoría. En Pitufos darase medalla a todos os participantes pero non haberá trofeos para esta categoría nin se farán clasificacións.

Nas categorías dende promoción ata sub 16-18 darase medalla a todos os participantes, así como trofeo ós tres primeiros. Ademais repartirase un trofeo ao primeiro/a atleta local da carreira de adultos. A entrega de premios será na zona de meta (Carballeira) e comezará, aproximadamente, ás 12.45h.

Os participantes gozarán, ademais dos servizos de sempre, de transporte entre as dúas localidades.

CAMPUS DE PORTEIROS



Un total de 21 rapaces nados entre os anos 2006 e 2013 participaron a fin de semana no I Campus de Porteiros Álex Santomé organizado polo RC Vilalbés. A actividade desenvolveuse en horario de mañá, no anexo ao campo da Magdalena. Participaron rapaces tanto do club organizador como doutros equipos da provincia.

Alta participación no I Torneo de Tenis de Mesa guitiricense

Guitiriz acolleu o I Torneo de Tenis de Mesa unha cita deportiva que reuniu a 45 participantes, entre os que se atopaban recoñecidos clubs galegos, como o Club Breogán Oleiros, o Finisterre TM da Coruña, o Rábade TM, o Dez Portas de Lugo, ademais do equipo anfitrión, o Guitiriz TM, formado polas Escolas Deportivas. Tras intensos encontros, o gran gañador foi Luís Azevedo, quen se impuxo

na final a Javier Canzobre, acadando así o primeiro posto. Os semifinalistas do torneo foron Miguel Ángel González e David Gómez, ambos demostrando un excelente nivel de xogo ao longo do campionato. Mención especial para Diego Mayo, da agrupación deportiva Dubratambre, cuxa colaboración foi clave para o éxito do evento. O día completouse cun roscón de Reis e chocolate.



Vilalba reconece os logros da escola de Moo Duk Kwan e dos deportistas

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Deportes, Paula Vigo, recibiron a varios taekwondistas da escola Moo Duk Kwan, dirixida por Antonio Montes, para recoñecer os destacados logros deportivos acadados durante a tempada.

Durante a recepción, a rexedora e a edil destacaron a dedicación e o esforzo dos deportistas, que conseguiron importantes éxitos en competicións nacionais e internacionais. Entre os logros máis destacados figuran as dúas medallas de bronce obtidas no Campionato do Mundo de Hapkido polos irmáns José Miguel Vázquez Regueira e Jesús María Vázquez Regueira, en dúas modalidades diferentes.

Ademais, a escola Moo Duk Kwan celebrou outros éxitos significativos no Campionato de España precade-

te, onde Xoana Kiman Crende, Jesús Seoane e Martín Peteira acadaron dúas medallas de bronce e un quinto posto.

Nas categorías inferiores, os novos talentos da escola tamén brillaron, con medallas en competicións autonómicas e internacionais, tanto na modalidade de técnica como na de combate.

Marta Rouco felicitou aos deportistas e ao director da escola polo "seu esforzo e compromiso, que son un exemplo para toda a comunidade", e reiterou o apoio do Concello ao deporte local como ferramenta de formación e convivencia.

O acto concluíu con palabras de agradecemento por parte dos deportistas e do director da escola, que destacaron o respaldo institucional como un impulso para seguir acadando novas metas.

O Concello de Guitiriz estrea unha Liga de Pádel con 30 xogadores

O Concello de Guitiriz desenvolve unha liga de pádel desde o 6 de xaneiro. A liga estenderase nesta primeira edición ata o 31 de maio, aínda que é unha proposta que se espera que teña continuidade nos vindeiros anos. Ata o momento, a competición conta con preto de 30 xogadores inscritos, que participarán por parellas nesta nova liga.

Os resultados da liga poderanse seguir a través da aplicación ReservaPlay, no apartado correspondente (<https://guitiriz.reservaplay.com>), onde estarán dispoñibles o calendario, os partidos, a clasificación e os resulta-

dos.

Os participantes disputarán un partido á semana, fixando a data e a hora de mutuo acordo entre as parellas implicadas. Os encontros xogaranse nas pistas de pádel situadas na Nave do Senpa, onde dende hai uns meses hai unha nova pista, que se sumou á xa existente.

Todos os participantes terán prezo de socio para o uso da pista de pádel ata maio de 2025. Tamén recibirán un agasallo ao rematar a liga e premios en material deportivo. Pódese consultar máis información na páxina web municipal.

A paixón polo baloncesto non ten idade límite en Vilalba

O CB Terra Chá puxo en marcha esta tempada un equipo de veteranos masculino

O CB Terra Chá vén de amosar que non hai límite de idade para competir en baloncesto. Este ano puxo en marcha, seguindo a liña do anterior co feminino, un equipo de veteranos masculino para participar na nova categoría que creou a Federación Galega de Básquet. A idea xurdiu da propia institución, que probou na pasada tempada poñendo en marcha unha liga feminina de veteranas. Debido ao éxito que tivo, este ano tocoulle á masculina.

Os requisitos non eran moitos, chegaba con conseguir 4 clubs interesados en participar. O CB Terra Chá, con sede en Vilalba, non o pensou dúas veces e apuntouse. Ao final superáronse as expectativas porque reuniron 11 clubs, seis no grupo de Galicia Norte e outros 5 no Sur.

O CB Terra Chá reuniu máis de 20 xogadores en conxunto coa categoría Sénior, xa que podían compatibilizarse as dúas. Así, fixeron o corte nos nados no ano 90. Os maiores pasaron a formar parte do novo equipo, uns 18, e os máis novos quedaron no sénior de Terceira División, que son unhas 15 licencias.

Tanto adestramentos como convocatorias para os partidos van de xeito paralelo para os dous equipos

e a creación deste novo permite dar máis opcións de xogo para todos os que tiñan. “Isto é así porque o Sénior leva moitos anos de historia e conta cun gran número de xogadores. Ao ter só un equipo estaban aumentando as licencias impedindo dar xogo a todos”, explica o seu presidente, Manuel Crende.

“Esta foi a maneira que tivemos de non deixar xogadores fóra e de enganchar a algún que deixara de xogar por problemas á hora de compatibilizar o traballo cos adestramentos e os partidos todas as fins de semana”, engadiu.

Esta experiencia trouxo tamén moitos resultados xa que o equipo está na zona alta da táboa sumando polo momento vitoria tras vitoria e con amplas marxes no electrónico. A falta de dous partidos para o final da primeira fase, ten todo do seu lado para clasificarse para loitar polo título, xa que ten vantaxe sobre os rivais.

A peculiaridade deste equipo é que a preparación física dos xogadores é diversa. Van desde os 34 anos, que son os máis novos, ata algún que ronda os 60 anos. De todos os xeitos, os xogadores do CB Terra Chá “somos os júnior dos veteranos”, explicou.

Os dous equipos teñen as súas ci-

tas de adestramento os mércores en Vilalba e os luns e os venres en Lugo. Isto faise así porque moitos dos xogadores son da cidade ou de localidades do lado e tamén porque hai escaseza de instalacións en Vilalba. “Os veteranos non teñen tanta facilidade para vir os tres días, pero damos a opción e que veñan os que podan”, engade.

O que deixa claro este novo equipo é que a afección vai por dentro e non entende nin de idade nin de profesión. De feito, son múltiples e variadas as formacións dos xogadores maiores, entre os que se atopan un enfermeiro, tres profesores, un práctico de porto, un oficinista, un empregado de industria, un sindicalista, empregados de banca, un médico e algún mecánico. O obxectivo agora é consolidar o equipo e seguen buscando xente que estivo nas escolas e no equipo para que volva. “Todos os anos hai cambios e sempre se renovan xogadores e por iso temos as portas sempre abertas”, recalca Crende.

A BASE. Con este xa son polo tanto tres equipos os que xestiona o CB Terra Chá, que desde fai anos conta cun feminino sénior. Ademais, xestionan as escolas deportivas vilalbesas, nas que teñen 40 nenos



anotados, aínda que non formaron equipo para competición. Hai tres anos presentaron un preminibasket, pero ao medrar e cambiar de categoría algúns dos xogadores, por idade, o equipo desfíxose. “É moi complicado en vilas pequenas poder ter un equipo de competición en deportes que non sexan fútbol”, explica.

Desde modo e para dar opcións a aqueles que queren competir, o CB Terra Chá ten unha colaboración co club Cidade de Lugo, co que comparten xogadores de competición e adestradores aínda

que os adestramentos se realicen co vilalbés. Isto é así porque eles teñen equipos de base e non de sénior. Por outra banda, desde o club tamén teñen claro que hai que deixar aos rapaces que escollan si queren xogar simplemente ou queren competir. “Nós sempre damos esa opción porque o neno ten que divertirse sempre”, engade.

Dentro da base tamén teñen un grupo de cadetes cos que non formaron equipo por ir xustos de xogadores pero están traballando con eles, adestrando co sénior feminino e dándolles saída con outros clubs.



O FSF Castro faise cunha praza nos cuartos da Copa da Raíña de fútbol sala

O FSF Castro Bloques Cando, que recibiu no Municipal ao barcelonés Láinco Rubí FS, fíxose cunha das oito prazas dispoñibles para os cuartos de final da Copa da Raíña.

O equipo chairego derrotou ao catalán por un avultado 8-0 e, polo tanto, cunha superioridade manifesta, xa que nos dez primeiros minutos de partido acadou un parcial de 4-0. Antes do intermedio chegou o quinto. Logo da volta por vestiarios e dun novo tanto local, deron algo máis de

xogo mantendo en todo momento a porta a cero. Completaron o marcador con dous goles máis no tramo final. As goleadoras foron Daniella e Luisa, cun dobrete cada unha, Ana, Jennifer, Laura e Verónica.

O chairego superou na segunda eliminatoria, celebrada en novembro, ao Intersala Zaragoza por 1-3.

A seguinte sesión será no mes de maio, cunha concentración a primeira fin de semana para disputar os cuartos, semifinais e final.

Regresa o Campionato de España de ciclocrós este mes ao lago pontés

As Pontes acollerá os días 10,11 e 12 de xaneiro o Campionato de España de Ciclocrós despois da súa estrea en 2021 como escenario do Ciclocrós Internacional Lago das Pontes, evento C2 da Unión Ciclista Internacional (UCI).

A proba, organizada polo Club Ciclista As Pontes, en colaboración co Concello, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, convértese, en palabras de Marcos Fernández, presidente do club deportivo “en proba de carácter nacional e adquire gran relevancia xa que se trata da derradeira proba do calendario, así que aquí nas Pontes vaise decidir o Campionato de España”.

A presentación do Campionato contou coa presenza do presidente da federación galega de ciclismo e actual vicepresidente da federación española, Juan Carlos Muñiz, que quixo destacar a grande evolución

desta proba ciclista que “en tan só tres anos conseguiu entrar no campionato de España. Ademais esta proba vai poñer ás Pontes no mapa tanto a nivel nacional como internacional, xa que durante a fin de semana de competición van ser milleiros de persoas as que se acheguen á vila, entre deportistas, familiares, mecánicos, e público”. Antonio Leira, responsable da área de Deportes da Deputación da Coruña, quixo destacar o carácter de integración deste campionato, xa que durante a xornada do venres disputarase unha proba inclusiva. Por outra banda tamén comentou que “o ano pasado asistín á proba como espectador e quedei maravillado non só polo espectáculo deportivo se non tamén polo alto nivel amosado pola organización; nivel que estou seguro volverá a repetir”.

O CD As Pontes prepara os seus torneos estivais de fútbol para xuño

O CD As Pontes iniciou os preparativos para os tradicionais torneos de fútbol que se celebrarán a finais da tempada estival de 2025. A terceira edición da As Pontes Cup e o oitavo Torneo Vila de As Pontes disputarase nas instalacións anexas ao Poboado.

O VIII Torneo Vila de As Pontes terá lugar os días 7 e 8 de xuño e contará coas categorías biberón (F6), prebenxamín, benxamín, alevín e infantil feminino (F11).

Pola súa parte, a III As Pontes Cup celebrarase o 14 e 15 de xuño e incluírá as categorías infantil e cadete.

O club espera contar con equipos de toda a xeografía galega, así como co apoio de familiares e amigos dos participantes, para fomentar un ambiente de convivencia deportiva inesquecible.

Recoméndase estar atentos ás redes sociais do CD As Pontes para seguir as novidades destes eventos.

COLABORACIÓN

Entender as matemáticas non é cuestión de sorte, senón de método

O PUPITRE



Julio Díaz

Leo apenas que o noso país está á cola en matemáticas e ciencias. A principios de decembro deuse a coñecer o Estudo Internacional de Tendencias en Matemáticas e Ciencias TIMSS 2023. Corea lidera o rendemento medio en matemáticas e ciencias con 594 puntos e 583 puntos, respectivamente. España obtén tan só 498 puntos en matemáticas, sendo a media da OCDE e UE de 525 e 514. En ciencias, España sitúase tamén por debaixo con 504, sendo de 526 e 513 os puntos acadados pola OCDE e UE, respectivamente. No caso de Galicia sitúase por riba da media en ciencias con 525 puntos, o que supón 21 puntos máis que a media do Estado e nos sitúa no segundo lugar do ranking das nove comunidades analizadas. Así mesmo,

en rendemento matemático, os alumnos galegos logran un total de 509 puntos, 11 máis que no conxunto do Estado, o que nos coloca en quinto lugar no panorama estatal.

A aprendizaxe das matemáticas nos centros educativos mantén a súa mala fama entre os nosos alumnos, producindo desagrado pola materia e, posteriormente, o seu abandono. As matemáticas sempre tiveron fama de ser difíciles, detrás dun “non me entran as matemáticas”, “non entendo o que me están explicando” ou “isto é demasiado difícil para min” podemos atoparnos dificultades de aprendizaxe con consecuencias negativas para os rapaces tanto no ámbito académico como no persoal.

Empregar as matemáticas é un dos procesos máis humanos que existen. Contar, medir, ordenar son procesos esenciais na vida diaria que se poden facer dun xeito básico ou sofisticado. Un aspecto a ter en conta na educación das matemáticas é que

nos primeiros anos é fundamental a xestión de erros. O ensino baseado na reprodución, con exercicios cerrados e procedementos ríxidos leva a identificación do erro co fracaso. Esta identificación leva o alumnado, en moitas ocasións, a pensar que as matemáticas non son o seu. Poren, sabemos que é normal e esperable cometer erros ao longo do proceso de resolución de problemas. Estes erros deben normalizarse e entenderse como unha parte integrante do proceso de aprendizaxe, sen que se convertan en obstáculos insuperables ou sexan fonte de futuros bloqueos cognitivos.

Dicía no título que entender matemáticas non era cuestión de sorte senón de método, por iso é importante darlles aos alumnos técnicas e ferramentas que lles axuden. Entre elas debemos destacar o emprego dunha aprendizaxe manipulativa, como as regatas Cuisinaire, policubos, método Singapur... Debemos ter en conta as necesi-

dades particulares de cada alumno para adaptar enfoques variados e personalizados: “cada alumno é un mundo”. Opitar tamén pola simplicidade evitando así o estigma das matemáticas como esa materia que é tan complicada.

Debemos trasladarlles aos rapaces que si as matemáticas son un tanto complicadas é debido a que non só requiren cálculo e regras, senón tamén pensamento lóxico, preciso e creativo. Ademais, os problemas matemáti-

cos adoitan requiren unha comprensión profunda do contexto e por iso que os actuais modelos de IA (intelixencia artificial) son moi bos xerando código, textos e imaxes pero cando se trata de abordar problemas matemáticos que van máis aló do básico, por requiren de razoamento avanzado, a IA naufraga estrepiteiramente. As solucións matemáticas esixen pensar paso a paso e un único erro pode invalidar todo o traballo. Se falla a IA, como non vamos fallar nos.

O RECUNCHO DE CANELINA



Máis que orgullo

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nunca nos cansamos de louvar a aqueles que tiveron a valentía de apostar por sacar adiante unha iniciativa empresarial no noso territorio. Son merecedores de recoñecemento, sen ningún tipo de dúbidas, xa que co seu esforzo desenvolven proxectos en zonas rurais onde o panorama todos sabemos cal está a ser. Emprendedores que nalgúns casos tomaron o relevo da explotación gandeira familiar, modernizándose, innovando e mellorando o que xa había de vello e que se mantivera xeración tras xeración. Exemplos témolos en tódolos municipios chairegos e de arredor, tanto no ámbito da gandería de leite como da carne. Incluso, no sector avícola e porcino comprobamos como se levaron a cabo transformacións e melloras nas granxas ini-



ciais, aumentando a produción e facendo que a empresa saia adiante, a pesares dos atrancos e dificultades que de sobra coñecemos.

Tamén merecen cumprido recoñecemento o mundo do pequeno comercio, así como o da restauración e hostalaría. Negocios que dan vida na Galicia interior, que, aínda sendo de carácter familiar, xeran postos de traballo, contribuindo a manter a actividade nos nosos municipios. De aí a súa vital importancia.

E por suposto, sempre teremos en consideración os que empezan de novo, nos campos sinala-

dos ou noutros, auténticos aventureiros que afrontan os medos con decisión e coraxe para saír adiante. Algúns deles chegados doutras terras para asentarse entre nosoutros.

Nesta ocasión poñemos o foco nunha granxa ecolóxica do lugar de Vilapedre, en Friol. Ángel e Maripaz, quen xa roldan a idade de xubilación, decidiron anos atrás modificar substancialmente o que xa estaba asentado, lanzándose a unha nova fórmula que supoñía un auténtico reto. Así, na actualidade, as 70 vacas leiteiras que posúen, todas elas nadas e criadas

dentro da explotación, dispoñen dunha hectárea para cada unha delas. Son animais adaptados ó terreo, que andan fóra constantemente, pacendo en liberdade, facilitándolles outra alimentación cando é preciso pola escaseza de pasto. Vacas todas elas identificadas co seu nome, onde se combina desde unha exótica Chenoa a unha máis convencional Marela.

O resultado está aí, coas lóxicas dificultades, cuestionando por suposto esa excesiva e a veces asfixiante burocratización. Existe unha rendibilidade, constatando o éxito da empresa. A excelencia demóstrana cando levan varios exercicios en Exceleite, gañando o premio á mellor calidade hixiénica do leite. Ese nivel queda acreditado cando se converteron

en provedores da Casa Grande de Xanceda, un referente para todo o País. E neste caso, o futuro está asegurado. Os vellos, que non o son tanto, teñen no seu fillo o relevo que noutras moitas explotacións non acontece. E a mistura de xuventude acumulada coa xuventude sobradamente preparada, atrevida pero cos pés na terra -nunca mellor dito- auguran a continuidade desta granxa de leite ecolóxico, facendo ben as cousas, con respecto ó medio ambiente, garantindo o benestar animal e acadando un óptimo produto final para o consumidor. E acadando, como afirma o patriarca, o obxectivo final, vivir dignamente do seu traballo. Máis que orgullo é o que provoca a familia Codesal desde o lugar de Vilapedre, en Friol.

Cando defenderá Rueda os intereses do pobo?

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Levan miles de anos os nosos paisanos furando a codia desa terra de Palas de Rei, primeiro con arados romanos e agora con tractores, para quitarlle o seu produto e engordar as vacas leiteiras que dan traballo ás empresas do ramo, e tamén os mariñeiros e marisqueiras da ría de Arousa levan outros tantos arriscando a súa vida, sucando as súas augas para arrincarlle os prezados peixes e mariscos. Uns e outras ían vivindo, malia sufrir as calamidades que conta O Tío Marcos da Portela no seu "Catecismo do Labrego" e as que pasaba o "Tío Miseria" de Enrique Labarta Pose, mentres soñaba con gañar uns ferrados de terra no ceo para el e a súa muller, porque supoñían que o fillo xa sería dono dun montón de fanegas polas desgracias que tivera que aturar na súa curta vida, antes de deixar este mundo, sen embargo agora até esas terras lles queren quitar os que desgobernán a Xunta desde fai quince anos. Menos mal que a presión popular obrigounos a retirar algún proxec-

to de lei co que pretendían quitarlles o mar para darllo as multinacionais, como fixo Feijó coa Caixa Galicia vendéndolla a Juan Carlos Escotet por cerca de 1.000 millóns de euros, despois de saneala con 9.050 millóns do erario; o mesmo que fixo Aznar cando saneou Sintel con 14.000 millóns das antigas pesetas para venderlla despois ao seu amigo, o terrorista e mafioso, Mas Canosa, por 4.900 millóns, porque a súa intención é desmantelar o Estado poñendo todo o que sexa rendíbel nas mans dos seus amigos e familiares. A presión popular tamén parou a mina de ouro de Corcoesto coa que pretendían quitarlle a terra os campesiños e campesiñas de Cabana de Bergantiños para entregarlla á empresa canadense Edgewater Exploration, porque para eles Galiza é unha mina a ceo aberto, unha colonia que hai que esquilmar.

Antes Feijó e agora Rueda, no seu empeño en favorecer as multinacionais e aos grandes monopolios, estiveron e están empeñados en deixar a miles de familias sen os medios cos que gañan a súa comida diaria. Gobernaron e gobernan para eles e non para o pobo que lles dá o voto. Agora están empeñados en socorrer Altri, a costa das paisanas e paisanos, querendo



expropiar as súas terras, unhas das mais produtivas de Galiza, onde pacen as vacas e fan queixos co seu leite, ademais doutros produtos agrarios que crean riqueza na comarca. Incluso existen ao Goberno español que subvencione con diñeiro público ese megaproxecto privado, que envelenará as augas do río Ulla e deixará tamén sen traballo ás mariscadoras e os pescadores da ría de Arousa. Expropiar as terras e subvencionar cos nosos impostos á multinacional que tan só creará 500 postos de traballo, dos que poucos ocuparán os veciños das zonas afectadas por ese monstro que acabaría coa economía da comarca da Ulloa e coa frota pesqueira mais grande do Estado, a da ría arousán, a ría mais produtiva do mundo segundo A

Voz de Galicia.

Non lles importa que se queden sen terras, sen vacas, sen barcos e sen marisco os miles de paisanas e paisanos que lles dan o seu voto, por favorecer as multinacionais que presuntamente lles dan cartos para as eleccións e resérvanlles un posto no consello de administración, un plan de pensións para cando se xubilen da política; nin tampouco lles importa a saúde dos seus votantes dos once concellos que collen auga do río Ulla, que se verían obrigados a beber auga pezoñosa que a celulosa devolve o río.

Perdoádeme a comparanza, pero as actuacións destes gobernantes contra o pobo que os mantén, fame lembrar a traizón dos reis españois, os Borbóns Carlos IV e o seu fillo Fernando VII, cando o 5 de

maio de 1808, no acordo de Baiona (Euskadi Norte), lle venderon o seu reinado a Napoleón, quen lle deu a Carlos a astronómica cifra de trinta millóns de reais anuais, o fermoso castelo de Compiègne a xeito vitalicio e a posesión perpetua do castelo de Chambord. Ao seu fillo, Fernando VII, o rei felón que acababa de destronar a seu pai, mercoulle o reino de España ofrecéndolle a coroa de Etruria, sucesor do Gran Ducado italiano de Toscana, pero el preferiu a propiedade do castelo de Navarre e unha pensión de catro millóns de reais anuais.

Eses antepasados do emérito e de Felipe VI, mentres o seu pobo loitaba contra os franceses, festexaban a traizón tirando foguetes para celebrar as vitorias de Napoleón sobre os seus vasallos.

Agardemos que se cumpra a profecía que escribiu o periodista Fernando Salgado ao ver a manifestación do 15 de decembro: "Teño a impresión de que a macrocelulosa de Altri proxectada en Palas de Rei, quedou o domingo sepultada na praza do Obradoiro, a escasos metros da cripta onde xacen os restos do Apóstolo".

Aí debía quedar, e moita xente aldaríase si Rueda e os seus camaradas non puideran festexar a vitoria de Altri sobre o pobo galego.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

DE RUTA EN RUTA

Castro de Rei: Ruta da Escrita

Ademais dun percorrido polo patrimonio natural poden lerse en 24 pedras versos de escritoras e escritores da Terra Chá

Trátase dunha senda duns sete quilómetros de lonxitude que vai da igrexa de Castro de Rei á parroquia de Coea. Ao seu paso, o camiñante, ademais de disfrutar dunha paisaxe natural, atópase 24 pedras con poemas sobre a comarca chairega e, a 300 metros da igrexa parroquial de Santa Leocadia, pode verse a gran vía crucis da comarca, e a estatua do Sagrado Corazón, que vivía a Terra Chá desde os seus 25 metros de altura.

Natureza e patrimonio danse a man neste percorrido, que arranxa desde o corazón da vila que lle dá nome ao concello, ao lado da igrexa de San Xoán, polo que debemos aproveitar para visitar o seu centro histórico. No século XVI foi levantado o castelo de Castro de Rei, que lle deu nome, brasón e escudo á vila.

O castelo, que co núcleo de poboación, estivo rodeado de murallas, conservouse en pé ata 1941, ano no que desapareceu. O altonazo no que se acha o núcleo primitivo da vila foi un castro rodeado polos ríos Azumara e Torneiros, conserva restos das antigas defensas do castro e da fortaleza. Con data 4 de febreiro de 1971 a vila foi declarada conxunto



histórico e paraxe pintoresca. Algúns consideran o inicio real da ruta na igrexa de Santa Leocadia. Desde este templo iniciamos a camiñada por un dos vía crucis máis singulares de Galicia, formado por 14 estacións talladas en pedra, que percorre un traxecto duns 300 metros ata chegar á imaxe do Sagrado Corazón, que é lugar de peregrinación desde hai case un século. Inaugurado en 1931, este monumento é un tributo á unión comunitaria de Castro de Rei que puxo da súa parte para a súa construción. A impresionante estatua do Sagrado

Corazón de Xesús, érguese nunha estrutura de 14 metros de altura, todo en granito. Repousa maxestuosamente na cima do monte, visible desde numerosos puntos da rexión. Desde alí, ofrécense unha vista panorámica extraordinaria dos arredores. No ano 2015, a escultura de case cen anos que foi colocada por iniciativa de Alejandro Rey Stolle neste lugar, foi substituída por unha réplica que foi encargada a Juan Novo. A estatua propiamente dita pesa uns 3.000 quilos e mide dous metros e medio. Considerado un destino de peregrinación, este monumento atrae

a turistas e visitantes. Cada 9 de setembro, celébrase unha festividade en honra ao Sagrado Corazón de Xesús. Esta celebración representa unha oportunidade única para mergullarse na cultura e tradicións da zona, con procesións e actividades relixiosas. Seguimos cara adiante para atopar os poemas de escritores e escritoras da Terra Chá ou vinculados á bisbarra. Aí a velocidade da camiñada verase alterada pola lectura dos poemas. A ruta levamos ata o río Azumara, afluente do Miño de 25 quilómetros, que nace en Montecubeiro

e logo de pasar por terras de Pol, verte as súas augas en Coea. Logo de cruzar o río atopamos o Muíño de Veiga e Acea, edificación tradicional na que a veciñanza da zona moía os cereais. O inmovible, en bo estado de conservación, é un dos exemplos de muíños de auga que temos en Galicia. De feito, funciona da mesma maneira que hai un século e ao seu dono gústalle coidalo con atención e dar boa acollida aos visitantes. As verbas de Xosé Luis García Mato son as encargadas de poñer punto e final a esta ruta.

DATOS



1:41 horas



7 quilómetros



Dificultade baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo

alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es

Telf.: 982 51 36 05